

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 de abril de 2019**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 26 de abril de 2019, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/2019 de 29 de marzo

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia dende o día 26 de marzo de 2019 ata o día 22 de abril de 2019

3.- Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

4.-Disolución e liquidación da Fundación Ortegalia

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

5.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada" 2019

6.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias ano 2019

Comisión de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais e medio ambiente

7.-Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2019, Terceira Fase: DP 1002 da estrada AC.234 Arzúa-Corredoiras a Gándara, P.Q. 0+000 / 0+900 mellora da capa superficial de rodadura (Boimorto)

8.-Aprobación técnica dos proxectos incluídos no Plan de Sendas Peonís 2019 SEGUNDA FASE: DP 0401 Ares a Redes, P.Q. 0+140 a 3+200. Actualización do proxecto de senda peonil (Ares)

9.-Aprobación provisional do Plan de Travesías 2017, terceira fase: Actualización do proxecto de Travesía na DP 3612 Aneiros a Cabana Fase II PQ 0+300 ao 1+100 (Ferrol)

10.-Aprobación do inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras incluídas no Plan de Vías Provinciais 2019, 2ª Fase, cuxos proxectos foron aprobados tecnicamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de marzo de 2019.

11.-Aprobación técnica dos proxectos incluídos no Plan de INVERSIÓN EN VIAS PROVINCIAIS 2019 TERCEIRA FASE.

12.-Aprobación do Plan de INVERSIÓN EN VIAS PROVINCIAIS 2019 CUARTA FASE

13.-Aprobación da modificación do PMA/2016 – Plan Adicional 3ª fase, aprobado polo Pleno Corporativo en sesión do 28.09.2018, e aprobación do proxecto modificado presentado polo Concello de Vedra, en substitución do anterior, relativo á "Illamento e acondicionamento acústico do Auditorio do Centro Sociocultural".

14.-Aprobación provisional do proxecto DP 8401 de Tablila a Agro do Mestre por Pontepedra, construción de beirarrúas P.q. 5+060 ao p.q. 5+470 do Concello de Tordoia, do Plan de travesías 2017, primeira fase, co código 17.1130.0001.0.

15.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2019 1ª fase co proxecto de obra "DP 3612 Aneiros a Cabana, 3ª fase. Actualización do proxecto de construción de travesía (Ferrol). PK 1+180 a PK 1+640.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

16.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de remodelación da praza e parque infantil en Vilaboa (igrex).

17.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Neda polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de eliminación de vertidos á ría de Ferrol na zona da estación de ferrocarril de Neda.

18.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ares polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento a adquisición da antiga reitoral anexa á ermida de Chanteiro.

19.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Dodro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora de acceso peonil en Lestrove e outros.

20.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Mazaricos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto de rexeneración da parcela de equipamentos deportivos e centro de saúde da Picota.

21.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello da Laracha polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora dos itinerarios á praia de salseiras

22.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial Da Coruña e o concello Valdoviño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da subministración "xestión dos areas do concello: adquisición de instalacións portátiles de aseos e socorrismo"

23.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Cabana de Bergantiños polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das de ampliación da rede de abastecemento de Anos.

24.- Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Laxe polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da adquisición dunha nave almacén de vehículos municipais e outros materiais.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

25.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

26.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Mellora pavimentación e servizos en rúa Cerca e travesía Lanzos” do concello de Betanzos, incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.2100.0001.0

27.- Aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado “Graderío de campo de fútbol municipal”, do Concello de Pontedeume, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100.0153.0

28.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Reforzo estrutural de firmes nas parroquias de Carelle, Codesoso, Folgoso, Nogueira, Porta e Roado,” do Concello de Sobrado, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 18.2000.0301.0

29.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Dumbría polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto de transformación de pérgola en espazo público. Creación de puntos de venta temporal.

30.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Valdoviño polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Proxecto de actuacións de mellora en camiños municipais e equipamentos de ocio existentes no acceso ás praias do entorno da Parroquia de Meirás.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Cuentas, Persoal e Réxime Interior

31.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de marzo de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de marzo de 2019.

32.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente ao primeiro trimestre do 2019 e proxección a 31/12/2019.

33.-Aprobación do expediente de modificación de crédito núm. 2/2019.

34.-Proposta de desestimación do recurso de reposición interposto por M. G. G. S. contra o acordo do 01/02/2019 polo que se aproba con carácter definitivo a relación de postos de Traballo, o cadro de persoal e o organigrama.

35.-Proposta de desestimación do recurso de reposición interposto polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia contra o acordo do 01/02/2019 polo que se aproba con carácter definitivo a relación de postos de traballo, o cadro de persoal e o organigrama.

36.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao primeiro trimestre de 2019 na Deputación provincial e no Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

37.-Aceptación da delegación de competencias do Concello de Noia.

38.-Rectificación do erro material detectado no texto do convenio aprobado polo Pleno do 29 de marzo de 2019 relativo á aprobación e formalización dun convenio de cooperación entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Deputación Provincial da Coruña de colaboración en materia de xestión catastral.

39.-Aprobación da concesión dunha achega nominativa e formalización dun convenio administrativo entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Unicef-Comité Español para paliar os efectos do ciclón tropical Idai en Mozambique, Zimbabwe e Malawy en marzo de 2019.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO
26 DE ABRIL DE 2019**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 26 de abril de 2019, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

D. JUAN ALONSO TEMBRÁS	PP
D ^a PATRICIA BLANCO FIDALGO	PSOE
D. FRANCISCO JAVIER BOQUETE CAMBÓN	PSOE
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D ^a . CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D ^a ROCIO FRAGA SÁENZ	MAREA ATLÁNTICA
D ^a ANXELA FRANCO POUSO	BNG
D ^a ROSA M ^a GALLEGO NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D ^a SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	AA.VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
D ^a INÉS MONTEAGUDO ROMERO	PP
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D ^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG

D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
Dª Mª GORETTI SANMARTÍN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
Dª. TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Actúa como secretaria, dona Mª Amparo C. Taboada Gil, oficial maior da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e sete minutos, a Sra. Secretaria le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 3/2019 DE 29 DE MARZO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 3/2019, de 29 de marzo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA DENDE O DÍA 26 DE MARZO DE 2019 ATA O DÍA 22 DE ABRIL DE 2019

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia desde o día 26 de marzo de 2019 ata o día 22 de abril de 2019.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS COA ADSCRICIÓN DOS/AS DEPUTADOS/AS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DAS MODIFICACIÓNS EFECTUADAS.

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo iso en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 23 de abril de 2019, a composición das comisións informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Cultura e Normalización Lingüística 17:00 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Mª Goretti Sanmartín Rei Secretaria: Mercedes Fernández- Albalat	Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero Manuel Rivas Caridad Luis Rubido Ramonde Teresa Villaverde Pais	Bernardo Fernández Piñeiro José Luis García García José M. Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela Mª Goretti Sanmartín Rei	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Deporte e Mocidade 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaria: Manuela Muñiz Souto	Juan Alonso Tembrás José C. Calvelo Martínez Andrés García Cardeso Mariel Padín Fernández Carlos Vázquez Quintián	Patricia Blanco Fidalgo Francisco Javier Boquete Cambón Antonio Leira Piñeiro	Ánxela Franco Pouso Xesús Manuel Soto Vivero	Claudia Delso Carreira	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Ánxela Franco Pouso Secretaria: Carolina Buhigas Jack	Juan Alonso Tembrás José Manuel López Varela Mariel Padín Fernández Luis Rubido Ramonde Carlos Vázquez Quintián	Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras	Ánxela Franco Pouso Manuel Muiño Espasandín	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Promoción Económica e Emprego 18:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Luis García García Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Juan Alonso Tembrás José A. García Cardeso Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero Teresa Villaverde Pais	Francisco Javier Boquete Cambón José Luis García García José M. Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela Ánxela Franco Pouso	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente 17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Manuel Pequeño Castro Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	José A. García Cardeso Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero Manuel Rivas Caridad Teresa Villaverde Pais	Patricia Blanco Fidalgo Juan V. Penabad Muras José M. Pequeño Castro	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Contratación, Patrimonio e Equipamento 18:00 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xesús Manuel Soto Vivero Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Juan Alonso Tembrás José C. Calvelo Martínez Susana García Gómez José Manuel López Varela Carlos Vázquez Quintián	Francisco Javier Boquete Cambón José Luis García García Antonio Leira Piñeiro	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico 17:30 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xosé Regueira Varela Secretaria: Susana Rouco Penabad	José C. Calvelo Martínez Susana García Gómez José Manuel López Varela Mariel Padín Fernández Manuel Rivas Caridad	Patricia Blanco Fidalgo José Luis García García José M. Pequeño Castro	Manuel Muiño Espasandín Xosé Regueira Varela	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior 18:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaria: M ^a José Vázquez Sesmonde	Susana García Gómez José Manuel López Varela Mariel Padín Fernández Manuel Rivas Caridad Luis Rubido Ramonde	Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Claudia Delso Carreira	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

4.-DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA FUNDACIÓN ORTEGALIA

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Primeiro: Aprobar a extinción e liquidación da Fundación Ortegalia e, xa que logo, ratificar a votación da representante desta Deputación na reunión do Padroado.

Segundo: Aprobar a achega da Deputación da Coruña, na súa condición de patroa, por importe de 35.766,33 €."

5.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR O MANTEMENTO XERAL E A RESERVA DE CINCO PRAZAS NO CENTRO OCUPACIONAL "A ESCADA" 2019

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **70.000,00 €**, ao Concello de Culleredo para cofinanciar o *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2019*, cun orzamento subvencionado de 149.717,35 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 25 de marzo de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento".

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada" no ano 2019*

Na Coruña,

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Culleredo.

EXPOÑEN

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 do 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Na Lei de servizos sociais para Galicia 13/2008, art. 63 menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificada o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades do que se trata no convenio, consistente en facilitar ás persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.

Que o Concello de Culleredo no ámbito das súas competencias, ten un Centro ocupacional para persoas adultas con discapacidade intelectual, denominado "A Escada".

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Culleredo, con CIF: P1503100H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada" no ano 2019.*

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Culleredo.

O Concello de Culleredo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal	Pedagoga	48.121,66 €
	Monitora taller	27.639,73 €
	Auxiliar socioeducativa	23.290,06 €
	Auxiliar administrativa	3.872,60 €
	Conserxe	1.851,24 €
	Xefa de Sección de Atención especializada	10.318,73 €

Mantemento de edificio e maquinaria	Mantemento alarma e reparacións eléctricas, maquinaria taller, mantemento calefacción, contedores hixiénicos, extintores, fontanería, pintura do centro, etc	6.700,00 €
Subministracións	Obradoiros artesanía, cociña, teléfono, vestiario, farmacia, gas, luz, etc	500,00 €
Transporte		16.900,00 €
Seguros		800,00 €
Gastos diversos	Gastos banco, etc	600,00 €
Traballos que han realizar outras empresas	- Obradoiro físico deportivo	1.970,00 €
	- Obradoiro de artesanía	5.570,00 €
	- Asesoría afectivo sexual	1.023,33 €
Axudas de custe		560,00 €
TOTAL GASTOS		149.717,35 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **70.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 46,75 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 46,75 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 , na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Culleredo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Culleredo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Culleredo, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarias realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades do Concello de Culleredo*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Culleredo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma Subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2018.

* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2019**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma Subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal do Concello de Culleredo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto

na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Culleredo.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Culleredo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Culleredo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Culleredo deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Leii 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Culleredo, realizada polo menos un mes antes do fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

6.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR O MANTEMENTO DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS ANO 2019

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **30.000,00 €**, ao Concello de Carballo para cofinanciar o *Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias no ano 2019*, cun orzamento subvencionado de 237.000 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento”.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias ano 2019*

Na Coruña,

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Carballo.

EXPOÑEN

Que o Concello de Carballo é competente para a xestión da Unidade Asistencial de Drogodependencias, conforme co previsto no art. 25 da Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril e art. 62 e 14 da Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Que a Deputación da Coruña, é competente para colaborar na xestión indicada, conforme ao previsto na citada Lei de bases de réxime local art. 36, de conformidade coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 art. 109 e 119 así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Carballo, con CIF: P1501900C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias no ano 2019*.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Carballo.

O Concello de Carballo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1.- Gastos de persoal	
1.1. Retribucións básicas e complementarias	155.000,00
1.2. Seguridade Social	40.000,00
1.3. Gastos formación do persoal e locomoción do persoal	1.000,00
2.- Produtos farmacéuticos e sanitarios	
2.1. Produtos farmacéuticos	500,00
2.3. Material sanitario de consumo	1.500,00
3.- Outros aprovisionamentos	
3.1. Libros e revistas	1.000,00
3.2. Material de limpeza e aseo	1.000,00
3.3. Material de oficina diverso	1.000,00
4.- Servizos exteriores	
4.1. Limpeza	6.000,00
4.2. Traballos realizados por outras empresas (vixilancia)	30.000,00
TOTAL DO GASTO	237.000,00

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 12,66 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 12,66 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 , na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Carballo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Carballo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Carballo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarias realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades do Concello de Carballo*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Carballo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma Subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2018.

* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2019**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma Subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na

Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Carballo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Carballo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Carballo, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

7.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2019, TERCEIRA FASE: DP 1002 DA ESTRADA AC.234 ARZÚA-CORREDOIRAS A GÁNDARA, P.Q. 0+000 / 0+900 MELLORA DA CAPA SUPERFICIAL DE RODADURA (BOIMORTO)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VÍAS PROVINCIAIS 2019, TERCEIRA FASE cun orzamento total de 104.548,72.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

DENOMINACION DA OBRA	CÓDIGO	IMPORTE
DP 1002 da estrada AC.234 Arzúa-Corredoiras a Gándara, P.Q. 0+000 / 0+900 mellora da capa superficial de rodadura (Boimorto)	2019.1100.0035.0	104.548,72

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.-APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2019 SEGUNDA FASE: DP 0401 ARES A REDES, P.Q. 0+140 A 3+200. ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE SENDA PEONIL (ARES)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente o Plan de SENDAS PEONÍS 2019 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 624.100,64.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

<i>CODIGO</i>	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900	EXPROPIACION
19.1170.0002.0	DP 0401 Ares a Redes, P.Q. 0+140 a 3+200. Actualización do proxecto de senda peonil	ARES	624.100,64	30.849,55

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

<i>CODIGO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CONCELLO</i>	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900	EXPROPIACION
19.1170.0002.0	DP 0401 Ares a Redes, P.Q. 0+140 a 3+200. Actualización do proxecto de senda peonil	ARES	624.100,64	30.849,55

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

9.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2017, TERCEIRA FASE: ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE TRAVESÍA NA DP 3612 ANEIROS A CABANA FASE II PQ 0+300 AO 1+100 (FERROL)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar provisionalmente o proxecto de actualización do proxecto de travesía na DP 3612 Aneiros a Cabana fase II PQ 0+300 ao 1+100 do Plan de travesías 2017, terceira fase cuxos datos son os seguintes:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACIÓN
1711130005.0	Actualización do proxecto da travesía na DP 3612 Aneiros a Cabana fase II PQ 0+300 ao 1+100	Ferrol	636.110,84 €	226.925,98 €

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente, e por un prazo de 10 días, para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.-APROBACIÓN DO INICIO DOS TRÁMITES PARA A EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2019, 2ª FASE, CUXOS PROXECTOS FORON APROBADOS TÉCNICAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN CELEBRADA O 29 DE MARZO DE 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras, incluídas no Plan de vías provinciais 2019, 2ª fase, cuxos proxectos foron aprobados tecnicamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de marzo de 2019:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROIACION
19.1110.004.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DA D.P.- 7402 MARTELO A AUGASANTAS P.K. 0+000 A 2+543	ROIS	1.150.071,35	83.852,66
19.1110.0005.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402, ARES A CHANTEIRO, PQ 3+700 A PQ 4+700	ARES	678.951,33	47.102,30
19.1110.0006.0	AMPLIACION, MELLORA DP 2801, P.K. 0+780, 2+554	CORCUBION	1.077.304,32	66.335,00
19.1110.0007.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA DP 7802, ROXOS A REBORIDO. 1ª FASE, P.Q. 0+390 A 2+620	SANTIAGO DE COMPOSTELA	1.123.606,18	101.649,50
19.1110.0008.0	MELLORA TRAZADO DP 2403, P.K. 4+680, 4+925	CERCEDA	166.095,33	54.546,00
TOTAL.....			4.196.028,51	353.485,46

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados."

11.-APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NO PLAN DE INVERSIÓN EN VIAS PROVINCIAIS 2019 TERCEIRA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente os proxectos incluídos no Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2019 TERCEIRA FASE cun orzamento total de 3.723.923,51.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROIACION
19.1110.0009.0	DP 2302 Hospital a Brens, P.Q.. 2+100 ao P.Q. 5+890. Mellora da estrada	Dumbría	995.368,84	94.154,67
19.1110.0010.0	DP 5602 Negreira a Pontenafonso, P.Q. 6,105 a 8,63	Negreira	1.266.128,78	174.697,96

	Ampliación e mellora da seguridade viaria			
19.1110.0011.0	DP 1802 Veiga de Cabana ás Pontes de García Rodríguez, P.Q. 0+000 ao 8+808, ampliación de plataforma e mellora de trazado	As Pontes	1.462.425,89	133.984,49
TOTAL.....			3.723.923,51	402.837,12

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia no prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
19.1110.0009.0	DP 2302 Hospital a Brens, P.Q.. 2+100 ao P.Q. 5+890. Mellora da estrada	Dumbría	995.368,84	94.154,67
19.1110.0010.0	DP 5602 Negreira a Pontenafonso, P.Q. 6,105 a 8,63 Ampliación e mellora da seguridade viaria	Negreira	1.266.128,78	174.697,96
19.1110.0011.0	DP 1802 Veiga de Cabana ás Pontes de García Rodríguez, P.Q. 0+000 ao 8+808, ampliación de plataforma e mellora de trazado	As Pontes	1.462.425,89	133.984,49
TOTAL.....			3.723.923,51	402.837,12

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir coas actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

12.- APROBACIÓN DO PLAN DE INVERSIÓN EN VIAS PROVINCIAIS 2019 CUARTA FASE

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2019 CUARTA FASE cun orzamento total de 934.401,49.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900
19.1110.0012.0	DP 3109 Vilaboa a Peiro por Tarrío, P.Q. 6+850 ao 7+650 acondicionamento e mellora da seguridade viaria	Culleredo	291.695,03
19.1110.0013.0	DP 8001 Cruces a Penabranca, P.Q. 3,200 a 7,910. Ensanche e mellora seguridade viaria	Sobrado	544.614,44
TOTAL			836.309,47

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente, e por un prazo de 10 días, para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir coas actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

13.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PMA/2016 – PLAN ADICIONAL 3ª FASE, APROBADO POLO PLENO CORPORATIVO EN SESIÓN DO 28.09.2018, E APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO PRESENTADO POLO CONCELLO DE VEDRA, EN SUBSTITUCIÓN DO ANTERIOR, RELATIVO Á "ILLAMENTO E ACONDICIONAMENTO ACÚSTICO DO AUDITORIO DO CENTRO SOCIOCULTURAL".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Modificar o PMA/2016 – Plan adicional 3ª fase, aprobado polo Pleno Corporativo en sesión do 28.09.2018, no sentido de deixar sen efecto o proxecto inicialmente aprobado que se detalla:

CONCELLO	EXPTE	ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO			CONDICIÓNS
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	
Vedra	2018000029940	Ampliación da rede de abastecemento en Afos-Eiravedra	14.938,54	44.781,13	59.719,67	----

2. Aprobar o proxecto modificado presentado polo Concello de Vedra, en substitución do anterior, relativo á actuación que se indica a continuación:

CONCELLO	EXPTE	ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO			CONDICIÓN
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	
Vedra	2019000010052	Illamento e acondicionamento acústico do Auditorio do Centro Sociocultural	14.938,54	11.02	14.949,56	----

3. Financiar a achega provincial por importe de 14.938,54 € do novo proxecto con cargo ao documento contable RC núm. de operación 220180032193, do 7.02.2019, da partida 0520/17221/76201 do orzamento para o 2019."

14.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO DP 8401 DE TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA, CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS P.Q. 5+060 AO P.Q. 5+470 DO CONCELLO DE TORDOIA, DO PLAN DE TRAVESÍAS 2017, PRIMEIRA FASE, CO CÓDIGO 17.1130.0001.0.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar provisionalmente o proxecto DP 8401 de Tablilla a Agro do Mestre por Pontepedra, construción de beirarrúas p.q. 5+060 ao p.q. 5+470 do Concello de Tordoia, do Plan de travesías 2017, primeira fase, co código 17.1130.0001.0 , cos seguintes datos:

código	concello	denominación	importe IVE 21%	valoración expropiación s/proxecto
17.1130.0001.0	Tordoia	DP-8401 Tablilla a Agro do Mestre por Pontepedra pk 5,06-5,47 construción beirarrúas	169.745,55	28.340,82
total			169.745,55	28.340,82

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente, e por un prazo de 10 días, para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Iniciar os tramites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras incluídas en:

código	concello	denominación	importe IVE 21%	valoración expropiación s/proxecto
17.1130.0001.0	Tordoia	DP-8401 Tablilla a Agro do Mestre por Pontepedra pk 5,06-5,47 construción beiravías	169.745,55	28.340,82
total			169.745,55	28.340,82

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos

nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

15.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2019 1ª FASE CO PROXECTO DE OBRA "DP 3612 ANEIROS A CABANA, 3ª FASE. ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE TRAVESÍA (FERROL). PK 1+180 A PK 1+640.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2019 1ª FASE cun orzamento total de 547.135,10.- euros e que son as que a continuación se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO	VALOR EXPROPIACIÓNS
2019.1130.0001.0	DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª fase. Actualización do proxecto de construción de travesía. (Ferrol) PK 1+180 a PK 1+640	547.135,10 €	220.442,40

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera por tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a súa fase correspondente.

2) Remitir o citado proxecto ao Concello de Ferrol para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos para incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-07-2016 (BOP 144/1-08-2016)."

16.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA PRAZA E PARQUE INFANTIL EN VILABOA (IGREXA).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para cofinanciar as obras de Remodelación de Praza e Parque Infantil en Vilaboa (Igrexa), cunha achega

provincial de 200.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/171.1/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 74,10185 % respecto dun orzamento de 269.898,80 euros e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA PRAZA E PARQUE INFANTIL EN VILABOA (IGREXA)

Na Coruña, o ___ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____,
Deputado de _____ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Culleredo**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Culleredo considera de primeira necesidade as actuacións de mellora sobre a Praza e Parque Infantil en Vilaboa (Igrexa).

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese que o concello realice a Remodelación da praza e parque infantil en Vilaboa (Igrexa), motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade imperiosa para o desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do concello e consisten na realización das seguintes actuacións:

Mellora no pavimento na praza de Vilaboa, redeseñar a configuración actual da praza, renovar o parque infantil existente, dotar o espazo dun novo mobiliario urbano e plantacións, crear novas superficies de recreo na praza, e actuar para adaptar e mellorar a drenaxe da nova configuración da praza e reposicións dos servizos afectados polas obras

Dado o interese coincidente da deputación e do **Concello de Culleredo** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta deputación a prol do Concello de Culleredo, con CIF P1503100H, fixando as condicións que impón esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de Remodelación da Praza e Parque Infantil en Vilaboa (Igrexa), tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola enxeñeira de Canais, Camiños e Portos María Canosa Blanco, número de colexiado 20.927.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O este proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de

vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución materia	187.442,74 euros
Gastos xerais 13,00%	24.367,56 euros
Beneficio industrial 6,00 %	11.246,56 euros
IVE (21%)	46.841,94 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	269.898,80 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 200.000,00 euros o que representa unha porcentaxe de 74,10185 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 74,10185 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/171.1/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que neste existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**
- 3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á deputación, **con anterioridade** á súa aprobación polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos, para a súa supervisión polos servizos técnicos provinciais. Posteriormente, achegarse a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas bases 57ª e 58ª das de execución do orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar esta porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):
 - Certificación do **acordo de adjudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
 - **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola deputación.**
 - Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
 - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederáse ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO de 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse neste prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación

do expediente de reintegro, se é o caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e polo concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faixe constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

17.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEDA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ELIMINACIÓN DE VERTIDOS Á RÍA DE FERROL NA ZONA DA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE NEDA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Neda para cofinanciar as obras de Eliminación de vertidos á Ría de Ferrol na Zona da Estación de Ferrocarril de Neda, cunha achega provincial de 80.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/160.1/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % respecto dun orzamento de 100.000,00 euros e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEDA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ELIMINACIÓN DE VERTIDOS Á RÍA DE FERROL NA ZONA DA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE NEDA

Na Coruña, o ___ de _____ de 201_

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Neda**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, entre outras, as seguintes materias:...

- b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.
- c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.
- d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade....

Neste sentido, o Concello de **Neda**, considera de primeira necesidade levar a cabo actuacións sobre obras e mellora na rede municipal de saneamento no concello .

O Concello de Neda, por motivos que o propio concello descoñece, quedou fóra das actuacións de captación e depuración de augas residuais das marxes norte e sur da ría de Ferrol que resolven o saneamento do resto dos concellos da Ría (Ferrol e Narón na marxe norte; Fene, Ares e Mugardos na marxe sur). Esta situación obriga a que sexa o propio concello, segundo o recollido no artigo. 81º da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, o responsable da xestión da rede de saneamento e depuración de augas residuais, e, conseguintemente, do seu mantemento. Detectáronse diversas disfuncións na dita rede de saneamento municipal.

As obras en cuestión obxecto do presente convenio consisten na realización das seguintes actuacións:

Contéplase a realización dunha variante do actual trazado da rede de saneamento, na zona do Pazo da Merced, cruzando polo paso elevado que no punto quilométrico 036/360 atravesa a vía férrea, conectando por medio dun bombeo o ramal da marxe oeste da vía coa da marxe leste en tal punto, e anulando con iso a partir deste punto todo o ramal da marxe oeste, ramal que está causando vertidos sobre o balastro da vía á altura da estación do ferrocarril de Neda, e no seu tramo final, vertendo directamente á ría de Ferrol.

A remodelación dos colectores nas inmediacións do camiño do Regueiro, que recollen parte do saneamento da Avda. de Alxeciras cara a EDAR e presentan a infiltración dunha importante parte do caudal do regato do Regueiro cara a depuradora, coa implantación de novos colectores e a separación total das augas pluviais, fecais e provenientes do referido regato.

A realización destas obras precisan da apertura de gabias para a instalación de colectores; a instalación dos referidos colectores, das características indicadas no proxecto; a construción dunha instalación de bombeo nas inmediacións do cruzamento da vía férrea co obxecto de vencer a contrapendente dos colectores desta zona; a execución dunha infraestrutura de alimentación eléctrica para esta instalación de bombeo; e a reposición de firmes e terreos nas zonas de apertura de gabias e pozos.

As persoas beneficiarias deste proxecto son en primeira instancia, e de forma directa, os habitantes da zona do Puntal de Abaixo e a zona de Médico Cebreiro, que ven mellorada a rede de saneamento; en segunda instancia, a totalidade dos habitantes do entorno da Ría de Ferrol, dado que se elimina un punto de vertido de augas residuais sen depurar á ría.

Dado o interese coincidente da deputación e do **Concello de Neda** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- 1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta deputación a prol do Concello de **Neda**, con CIF P1505600E, fixando as condicións que impón esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de eliminación de vertidos á ría de Ferrol na zona da estación de ferrocarril de Neda, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, **Óscar Manuel Sanmartín Abad número de colexiado 22.570**

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	69.449,267 euros
Gastos xerais 13,00%	9.028,405 euros
Beneficio industrial 6,00 %	4.166,956 euros
IVE (21%)	17.355,372 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	100.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 80.000,00 euros o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente

xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/160.1/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para ese ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á deputación, **con anterioridade** á súa aprobación polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos, para a súa supervisión polos servizos técnicos provinciais. Posteriormente, achegarase a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas bases 57ª e 58ª das de execución do orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar esta porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola deputación.
- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora,

ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola

Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista nese precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO de 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse neste prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, se é o caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e polo concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

18.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO A ADQUISICIÓN DA ANTIGA REITORAL ANEXA Á ERMIDA DE CHANTEIRO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no artigo 176 do texto refundido da Lei de facendas locais

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ares para cofinanciar a Adquisición da antiga reitoral anexa á Ermida de Chanteiro, cunha achega provincial de **180.428,215** euros con cargo á partida **orxamentaria 0112/336.9/762.01** o que representa un coeficiente de financiamento do **78,44705 % respecto dun orzamento de 230.000,00 euros** e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO A ADQUISICIÓN DA ANTIGA REITORAL ANEXA Á ERMIDA DE CHANTEIRO.

Na Coruña, o __ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Ares.**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios **para a adquisición de inmobles para destinalos ao interese público**

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

Neste sentido, o Concello de Ares considera de primeira necesidade a Adquisición da Antiga reitoral anexa á Ermida de Chanteiro, posto que a adquisición de dita construción será substancial para mellorar a degradación existente no ámbito de Chanteiro Praia e contribuirá a incrementar os minguados sistemas xerais de zonas verdes e espazos libres. A actuación conxunta entre este terreo, que se adquire por medio do presente Convenio, a Ermida de Chanteiro e o Mosteiro de Santa Catalina recuperaría, en parte a zona, podéndoa dotar de certo valor urbanístico e de recuperación da contorna. A súa planta rectangular, alberga nos seus grosos muros de cachotería unha reitoral de singular beleza, cuxa cuberta é a catro augas de pouca altura e tella árabe. A edificación, unha vez pase a titularidade municipal, destinarase a usos turísticos (punto de información turística, centro de apoio á zona verde, de interpretación dos castros da zona, das baterías militares e da Ermida de Chanteiro); servizos (almacéns de usos xerais, centro coordinador de primeiros auxilios ou de emerxencia de incendios); e cultural (como local de exposición, reunións e asembleas veciñais ou de celebración), entre outros.

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de cooperación conforme as seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Ares** (P-1500400E para o financiamento da adquisición do ben inmovible que se describe de seguido:

SITUACIÓN: Lugar da Merced. Chanteiro, Parroquia de San Pedro de Cervás. Concello de Ares.

REFERENCIAS CATASTRAIS: 15004A030001090000YO

INSCRICIÓN REXISTRAL: TOMO 574, LIBRO 67; FOLIO 17, ALTA 2 e 3

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo o informe de valoración que se achegou polo concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a **230.000,00 euros**.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento da adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **180.428,22 euros** o que representa unha porcentaxe de **78,44705 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de adquisición, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o **78,44705 %**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira adquirir o ben para destinalo ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/336.9/762.01** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para ese ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña pola mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar esta adquisición con persoas o entidades vinculadas ao concello, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

O concello deberá colocar **unha placa en lugar visible** na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas bases 57ª e 58ª das de execución do orzamento para o ano 2019, expedirase o pagamento da achega provincial, unha vez que se achegue

ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
- Descrición física e xurídica do ben.
- Identificación do titular ou titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles
- Valoración pericial.
- **Copia da escritura pública de adquisición** na que **constará o importe do financiamento provincial**
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

3.- O aboamento da contía da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN DOS BENS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición que é obxecto de financiamento provincial, tal e como está descrita na cláusula primeira, deberán estar **xustificada**, tal e como se indica na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponderlle

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa

Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIONS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na adquisición ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro de 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO de 2019**.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2019** a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro do 2019**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse neste prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, se é o caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e polo concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

19.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE DODRO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DE ACCESO PEONIL EN LESTROVE E OUTROS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Dodro para cofinanciar as obras de Mellora de acceso peonil en Lestrove e outros cunha achega provincial de **56.056,04** euros con cargo á aplicación orzamentaria **0112/153.2/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00000 %** respecto dun orzamento de **70.070,05** euros e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE DODRO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS NO

CONCELLO DE DODRO PARA FINANCIAR AS OBRAS DE MELLORA DE ACCESO PEONIL EN LESTROVE E OUTROS.

Na Coruña, o __ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excm. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Dodro**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Dodro considera de primeira necesidade levar a cabo importantes melloras no núcleo de Lestrove, como melloras no acceso peonil, na rede contra incendios e no acondicionamento de cunetas, co fin de solucionar os problemas de seguridade viaria dos veciños e para a loita contra incendios. Ademais, debido a climatoloxía adversa, son necesarias actuacións de mellora do camiño de Laxes e a pavimentación en Rechenla-Campo da festa para aumentar a seguridade nesas zonas.

As obras proxectadas, de gran interese público, así como urxentes e prioritarias van encamiñadas a mellorar as condicións de tránsito e seguridade viaria, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade imperiosa para o desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do concello e consisten na realización das seguintes actuacións:

Mellora do acceso peonil en Lestrove: preténdese a continuidade dos itinerarios peonís do núcleo de Lestrove evitando a utilización da calzada da estrada AC-305 e mellorando así a seguridade viaria. A proximidade ao centro de saúde deriva nunha alta asiduidade de persoas , principalmente de avanzada idade que fai imprescindible o acondicionamento dos itinerarios co fin de eliminar a actual situación de perigosidade,

Melloras na Rede contraincendios de Lestrove: Ante a tipoloxía dos rueiros do núcleo de Lestrove, que dificultan o acceso de vehículos de grandes dimensións, resulta imprescindible dotar dun sistema de hidrantes contra incendios o suficientemente extenso que permita o seu uso axeitado en caso de necesidade xa que experiencias previas demostraron as carencias neste senso.

Acondicionamento de cuneta en Lestrove: A proximidade das vivendas á calzada da AC-2015, provoca que o acceso a elas se realice directamente sobre un canal sen reixa cunha rasante irregular que está provocando unha situación de perigosidade para os peóns Mellora do camiño das Laxes: As incidencias climatolóxicas acaecidas neste último inverno provocaron unha deterioración considerable do pavimento do camiño que necesita ser reparado para manter as condicións de seguridade axeitadas para o seu uso.

Pavimentación en Rechenla-Campo da festa: ao igual que no caso anterior, as incidencias climatolóxicas acaecidas neste último inverno provocaron unha deterioración considerable do pavimento

Dado o interese coincidente da deputación e do **Concello de Dodro** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta deputación a prol do Concello de Boiro, con CIF (P1501100J), fixando as condicións que impón esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de Mellora de acceso peonil en Lestrove e outros, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de Camiños Pablo Blanco Ferreiro número colexiado 22.992..

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da deputación e conta con informe favorable.

Directamente benefíciase toda a poboación da Laracha, e ademais considéranse beneficiarios desta actuación todos os visitantes, turistas que cada ano se achegan ás praias de Caión, principalmente procedentes de toda a comarca e da provincia.

Caión susténtase de xeito complementario do seu potencial turístico, o cal se alimenta de recursos básicos coma o valor da paisaxe, a historia da vila, a praia de Salseiras, etc; sendo o turismo un sector de actividade de tempada e xa consolidado. Sen dúbida a praia de Caión é un dos elementos máis valiosos desta vila, e o motivo fundamental da actividade que rexurde cada verán a onde acoden milleiros de visitantes a gozar das praias, do pobo de Caión, paseo marítimo, porto e principalmente a paisaxe natural. Trátase de adecuar un espazo natural ampliando a plataforma da vía para uso dos vehículos e sobre todo trazar e mellorar unha senda peonil que enlaza a estrada principal coa praia co fin de facilitar o seu uso e potenciar os valores naturais do entorno mellorando as zonas da Rede Natura, paseo marítimo, praias de bandeira azul...

As obras solicitadas motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico, supoñen non só unha mellora en sí, senón unha necesidade imperiosa para o desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do concello e consisten fundamentalmente na realización das seguintes actuacións:

- Implantación senda peonil: A senda comunica de forma segura a avenida da Laracha coa praia, dando continuidade ao circuíto peonil existente.
- Mellora da estrada: Adecuará a seguridade viaria da estrada á alta taxa de tráfico que soporta, xa que se amplía a calzada a dous carrís de circulación, sendo a vía de dobre sentido.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello da Laracha** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello**

da Laracha, con CIF **P1504200E**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do “Proxecto de mellora nos itinerarios de acceso á praia de Salseiras”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Rosalía Villar González nº de colexiada 31.015.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	52.301,95 euros
Gastos xerais 13,00%	6.799,25 euros
Beneficio industrial 6,00 %	3.138,12 euros
IVE (21%)	13.070,26 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	75.309,58 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **60.247,66** euros o que representa unha porcentaxe de **79,99999 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o **79,99999 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/453.2/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para este ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á deputación, **con anterioridade** á súa aprobación polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos, para a súa supervisión polos servizos técnicos provinciais. Posteriormente, achegarase a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas bases 57ª e 58ª das de execución do orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar esta porcentaxe sobre o importe de

adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adjudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e se é o caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar o aboamento aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola deputación, se é o caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.
3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaran o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o

pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

22.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO VALDOVIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN “XESTIÓN DOS AREAIS DO CONCELLO: ADQUISICIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención

nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Valdoviño para cofinanciar a Xestión dos areas do Concello de Valdoviño: Adquisición de instalacións portátiles de aseos e socorrismo cunha achega provincial de 56.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/172.21/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 66,11570 % respecto dun orzamento de 84.700,00 euros e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente.

ANEXO

“CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VALDOVIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN “XESTIÓN DOS AREAIS DO CONCELLO: ADQUISICIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO”

Na Coruña o ___ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte D./Dna. _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP _____

Doutra parte D./Dna. _____, Alcalde Presidente do Concello de Valdoviño

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que

contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, entre outras, as seguintes materias:

- a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación...
- b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas...
- d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade...
- h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local...
- l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre...

Neste sentido, o Concello de Valdoviño considera de primeira necesidade a adquisición de tres instalacións portátiles de aseos e catro instalacións portátiles para socorrismo, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico, pois como consecuencia do carácter natural das súas praias, en catro delas non contan con edificacións para albergar os servizos-aseos ou o material e persoal que require o servizo de socorrismo.

As actuacións previstas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade imperiosa para o desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do concello, así como para os usuarios dos areais en xeral.

Asemade, a adquisición en propiedade de instalacións portátiles resultaría unha solución máis eficaz para a prestación do servizo de aseo e socorrismo nos areais indicados, que non contan con instalacións fixas, , toda vez que o concello dispón de espazo suficiente para almacenalos en óptimas condicións, fora da tempada de uso, e tendo en conta a duración e vida útil das edificacións , e o pequeno importe de gasto de mantemento que derivará, suporía un aforro de custos, e unha mellora da calidade das instalacións, xa que os materiais e acabados harmonizarían co contorno.

En definitiva, estas actuacións facilitaríanlle ao Concello de Valdoviño non só prestar os servizos de hixiene e vixilancia en todos os areais do seu término municipal, senón tamén que estes servizos se integren da mellor maneira posíbel no seu contorno máis próximo.

Cada unha das instalacións portátiles de aseos estará constituída por un módulo cun aseo adaptado, outro módulo con dous aseos individuais e un módulo con rampla de acceso e plataforma.

Os módulos de aseos levarán incorporada na parte baixa un tanque para augas fecais o que permitirá que o concello se aforre o custo de ter que realizar unha fosa séptica en cada un dos emprazamentos previstos.

Pola súa banda, cada unha das instalacións portátiles de socorrismo constará dun módulo para o uso dos socorristas cunha configuración interior aberta e un módulo con rampla de acceso e plataforma.

O conxunto expónse como un produto totalmente prefabricado en taller, e consta dunha estrutura principal formada por perfís metálicos e unha envolvente exterior de madeira. O seu acabado exterior en madeira pretende transmitir unha imaxe amable e respectuosa coa contorna. Os acabados interiores deberán permitir unha fácil limpeza e unha alta durabilidade, dado o uso ao que van a estar sometidos.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Valdoviño, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. - OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta deputación a prol do **Concello de Valdoviño**, con CIF **P1508800H**, fixando as condicións que impón esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da subministración que se describe de seguido: “Xestión dos areas do concello: Adquisición de instalacións portátiles de aseos e socorrismo”, tal e como aparece definida no prego de prescricións técnicas redactado polo técnico Óscar Fuertes Dopico.

2.A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora achega ao expediente un exemplar do prego de prescricións, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta coas autorizacións administrativas preceptivas. Este prego de prescricións técnicas foi supervisado polos servizos técnicos da deputación e conta con informe favorable.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

Segundo o orzamento que achega o concello o orzamento máximo para a subministración ascende a 84.700,00 euros.

ORZAMENTO TOTAL ACTUACIÓN	IMPORTE
01.-INSTALACIÓN PORTÁTIL DE ASEOS	
MÓDULO A 3UD	17.250,00 €
MÓDULO B 3UD	1.864,30 €
MÓDULO C 3UD	18.000,00 €
PEM TOTAL 3 UD	37.114,30 €
02.- INSTALACIÓN PORTÁTIL DE SOCORRISMO	
MÓDULO B 4UD	2.485,70 €
MÓDULO D 4UD	30.400,00 €
PEM TOTAL 4UD	32.885,70 €
PEM TOTAL	70.000,00 €
IVE 21 %	14.700,00 €
ORZAMENTO TOTAL	84.700,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da subministración, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 56.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 66,11570 %.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 66,11570 % da

cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción do Prego, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados da subministración.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/172.21/762.01 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

4. A subvención da deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao concello o outorgamento dos correspondentes contratos de subministracións.

2. No procedemento de contratación o concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da deputación e non poderá recoller o concepto "melloras".

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do Prego inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á deputación un exemplar do Prego modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, o concello, deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na base 58ª das de execución do orzamento para o ano 2019, ata o 40 por cento da achega da deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do concello, pola contía resultante de aplicar a esta porcentaxe sobre o importe de

adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:

- Persoa adxudicataria
- Importe do contrato
- E prazo de execución

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

4.- O concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V. de publicidade./Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.

2. Formalizado en documento público ou contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Factura e certificación acreditativa do pago do ben.
- Acta de recepción
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
- Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O concello deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros do importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A subministración que é obxecto de financiamento provincial, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o

previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na subministración ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO de 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario

correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas a subministración e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse neste prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, se é o caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da deputación e o concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día __ de _____ de 2019

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

23.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O

COFINANCIAMENTO DAS DE AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE ANOS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para cofinanciar as obras de Ampliación da Rede de Abastecemento de Anos cunha achega provincial de 56.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/161.1/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % respecto dun orzamento de 70.000,00 euros e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS DE AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE ANOS

Na Coruña, o __ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excm. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Cabana de Bergantiños,**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, entre outras, as seguintes materias: c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

Neste sentido, o Concello de Cabana de Bergantiños considera de primeira necesidade as obras de ampliación da rede de abastecemento de anos co obxecto de garantirlles aos cidadáns un servizo básico como é o abastecemento de auga potable. A parroquia de Anos (Cabana de Bergantiños) carece hoxe en día dos servizos básicos de abastecemento de auga potable, obrigando os seus habitantes a recorrer a solucións individuais (pozos de captación) cuxo funcionamento non resulta adecuado en determinadas condicións, provocando carestía de auga en épocas de seca debido ó correspondente déficit de auga nos pozos de captación (por descenso do nivel freático). Esta situación foise agravando, sendo necesario incluso acudir á subministración de auga potable mediante camión cisterna durante períodos de seca. O carácter excepcional desta actuación xustifícase debido á complexidade da avaliación dos recursos hidroxeolóxicos dispoñibles.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade imperiosa para o desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do concello e consisten na realización das seguintes actuacións

-Execución dunha rede de abastecemento que, a partir da rede existente no Concello veciño de Zas, distribúa a auga potable tratada na ETAP correspondente (despois da medición con contador en alta para o seu posterior aboamento) aos lugares de Castro Anido, Anles, O Vento e O Outeiro, na parroquia de Anos. Esta rede componse de tubaxe de PEAD PN10 de 90 mm de diámetro, cunha lonxitude total de 3.890 metros. Pódense diferenciar os seguintes tramos:

- TRAMO 1: Trátase dun tramo de 293 metros cuxo trazado coincide coa cuneta da estrada provincial DP-1402.

- TRAMO 2: Ramal de 1660 m. de lonxitude que discorre ó longo dunha pista forestal sen aglomerar.

- TRAMO 3: O resto do trazado percorre por estradas de propiedade municipal, onde o trazado da tubaxe seguirá ao borde exterior da calzada. En diferentes puntos do trazado onde se efectúe un cruzamento de estrada aglomerada, será preciso repoñer as seccións de pavimentos afectados con reforzo de formigón e MBC.

Dado o interese coincidente da deputación e do **Concello de Cabana de Bergantiños** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta deputación a prol do Concello de Cabana de Bergantiños, con CIF P1501400D, fixando as condicións que impón esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de Ampliación da rede de abastecemento de Anos, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Vicente Lourido Vázquez número de Colexiado 23.446

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	48.614,49 euros
Gastos xerais 13,00%	6.319,88 euros
Beneficio industrial 6,00 %	2.916,87 euros
IVE (21%) 12.148,76 euros	
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	70.000,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **56.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **80,0000** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 80,0000 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto,

entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1611/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advérteselle á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para ese ano e a que nel existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á deputación, **con anterioridade** á súa aprobación polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos, para a súa supervisión polos servizos técnicos provinciais. Posteriormente, achegarase a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información

pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 58ª das de execución do orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar esta porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederáse ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO de 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda

condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse neste prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, se é o caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e polo concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

24.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LAXE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O

COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUNHA NAVE ALMACÉN DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS E OUTROS MATERIAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no artigo 176 do texto refundido da Lei de facendas locais
3. **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Laxe para cofinanciar a Adquisición da dunha nave de almacén de vehículos municipais e outros materiais, cunha achega provincial **de 61.264,52 euros** con cargo á partida **orxamentaria 0112/933.91/762.01 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % respecto dun orzamento de 76.580,65 euros** e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
4. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.
5. Par os efectos contables oportunos, prodúcese unha economía por importe de **14.735,48 €**, na partida **0112/933.91/762.01**.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LAXE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUNHA NAVE ALMACÉN DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS E OUTROS MATERIAIS.

Na Coruña, o ___ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excm. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Laxe**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios **para a adquisición de inmobles para destinalos ao interese público.**

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local. Neste sentido, o Concello de Laxe considera de primeira necesidade a adquisición dunha nave para almacén de vehículos municipais e outros materiais, posto que desde hai anos existe unha necesidade en materia de seguridade viaria consistente na retirada das rúas dos distintos vehículos do parque móbil municipal que se atopan aparcados nas beiravías, xa que na actualidade o concello non dispón dun lugar axeitado. Por outra banda, constitúe un problema de seguridade e hixiene, posto que o lavado e desinfección dos contedores de recollida de RSU, así como o seu secado, non conta cun lugar axeitado para levalo a cabo.

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de cooperación conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **Concello de Laxe** (P1504100G) para o financiamento da adquisición do ben inmovible que se describe de seguido:

SITUACIÓN: r/ Fenllido, 43 15117 Laxe
REFERENCIA CATASTRAL: 9848007/MH9894N0001/ZQ
INSCRIPCIÓN REXISTRAL: **TOMO 1526 LIBRO 98 FOLIO 133 ALTA 1**

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo a documentación que achegou o concello, o orzamento máximo da adquisición ascende a **95.000,00** euros, desagregado do seguinte modo:

Importe en concepto de renda (18 meses + 13 días) _____ 18.419,35 €
Importe do Exercicio de Opción de compra _____ 76.580,65 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña cofinanciará o orzamento da adquisición no momento de exercitar a opción de compra (76.580,65 €), tal como se define na cláusula anterior, cunha **achega máxima de 61.264,52 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00000** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de adquisición, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente **o 80,00000%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira adquirir o ben para destinalo ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/933.91/762.01** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para ese ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar dita adquisición con persoas o entidades vinculadas ao concello, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na **escritura de compravenda** que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase **constar o importe do financiamento provincial**

2. Adquirido o ben, o concello deberá colocar **unha placa en lugar visible** na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista na base 58ª das de execución do orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar esta porcentaxe sobre o importe de adxudicación da

obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
- Descrición física e xurídica do ben.
- Identificación do titular ou titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles
- Valoración pericial.
- Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne
- Determinación da data para convertela en escritura pública.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

2.- Adquirido o ben, procederáse ao aboamento do **60 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Copia da escritura pública de adquisición** na que **constará o importe do financiamento provincial**
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.- Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN DOS BENS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición que é obxecto de financiamento provincial, tal e como está descrita na cláusula primeira, deberá estar **rematada e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponderlle

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na adquisición ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende o **1 de novembro de 2017** e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO de 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2021**, todo iso,

igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse neste prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, se é o caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e polo concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

25.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2019

INTERVENCIÓNS

Sr. Requeira Varela

Bo día a todas e a todos. Non me gustaría deixar pasar a oportunidade de intervir na última ocasión que ten este Pleno de aprobar o Plan de obras e servizos, que eu creo que é unha das grandes boas noticias que lle podemos dar aos concellos desta provincia. Imos aprobar un POS, o POS+ 2019 que finalmente ten un orzamento de noventa e dous millóns trescentos mil euros practicamente, e que vai significar que en noventa e tres concellos da provincia da Coruña vansen facer

trescentas vinte e oito obras, licitacións de obra, nada máis e nada menos, por un importe de case setenta e un millóns de euros, que oitenta concellos van poder facer fronte aos seus servizos ordinarios a través das partidas implementadas para gasto corrente por un valor de dezanove millóns de euros, que se vai reducir a débeda das corporacións locais desta provincia en dezasete concellos por un valor de un millón douscentos mil euros, e que se lle van pagar aos provedores que traballan habitualmente coas administracións públicas da provincia da Coruña, en dezanove concellos, por máis de un millón de euros.

Eu creo que é unha boa noticia, creo que todos os deputados e as deputadas que compoñen esta Corporación témonos que sentir orgullosos de que a día de hoxe poidamos aprobar esta achega para as Corporacións locais, e tamén queríalle dar os parabéns ao Servizo de Plans e ao resto de funcionarios e funcionarias da Deputación da Coruña por poder traer esta aprobación definitiva ao Pleno deste mes. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Na liña do que comentaba o voceiro do BNG, congratularnos porque hoxe este Plan único e os modificativos que fomos aprobando e o que imos aprobar posteriormente, creo que é no punto trinta e tres, dotamos este Plan con cen millóns de euros, cen millóns cincocentos mil, cumprindo o compromiso adquirido no Pleno no que se aprobou o Plan único 2019 de chegar ata eses cen millóns de euros, dos que se van utilizar só noventa e dous porque hai oito millóns de euros correspondentes ao PAI, e ao préstamo provincial que os concellos, moitos deles, decidiron non solicitar. Pero si que a día de hoxe a Deputación é importante deixar claro que lles puxo a súa disposición cen millóns de euros no Plan único tal e como nos tiñamos comprometido. E isto o que vén, ademais de ser unha boa nova, porque é o cumprimento dun compromiso que tiña adquirido este Goberno cos veciños e coas veciñas da provincia da Coruña, de facer un reparto de fondos con criterios obxectivos que entendiamos que era como debía de funcionar a Deputación provincial, e poñer a disposición dos concellos da provincia da Coruña aínda máis fondos para mellorar a calidade de vida e a contorna dos seus cidadáns, pero tamén vén constatar unha cuestión que se resume cunha pregunta moi simple que lle podería facer ao voceiro do Partido Popular, e é: e agora que?, é dicir, despois de estar durante meses, ou incluso anos, desde que se puxo en marcha o Plan único dicindo que os concellos perdían cartos despois de ter demostrado en varias ocasións que iso non era así, unha vez máis a realidade maniféstase testán para deixar en evidencia as afirmacións e as falsidades formuladas polo Partido Popular ao longo desta lexislatura no que ao Plan único se refire.

Unhas afirmacións que, como ben dixemos e denunciámos en varias ocasións, obedecían única e exclusivamente a formulación ou a creación dunha coartada para que, no suposto de que volvan vostedes a gobernar esta institución, cargarse o Plan único, e non se cargarían o Plan único porque os concellos reciban menos cartos, porque xa quedou constatado que iso non é así, reciben bastantes máis nalgúns casos, incluso o triplo do que viñan recibindo durante a etapa de goberno anterior do Partido Popular, senón porque o que hai de fondo é aquela cuestión que lle preguntei a vostede, Sr. Hernández, no Pleno do mes de novembro, e que non me respondeu, que era se compartían vostedes que os fondos nas administracións públicas se repartan con criterios obxectivos, pregunteille ata en dúas ocasións, si ou non, e non atopei resposta, afortunadamente a que me interesa realmente é a da realidade, non a súa, e a realidade vén constatar unha vez máis, como digo, que hai un goberno que

aposta porque se faga ese reparto de fondos con criterios obxectivos, e hai un Grupo maioritario da oposición que non lle gusta que iso sexa así, e que o demostra naquelas administracións nas que goberna, e da que todos temos suficientes exemplos, e que o amosa tamén montando unha serie de parafernalias cunha argumentación totalmente falseada e que nada ten que ver coa realidade, para crear unha coartada por se o día de mañá estamos aí poder eliminar o Plan Único.

Nada máis, simplemente dar as grazas tamén a todos os responsables dos departamentos que interveñen e que fixeron posible que os concellos da provincia da Coruña poidan recibir máis fondos que en etapas anteriores e que ademais o faga cuns criterios de xustiza. Moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

A verdade é que non tiña previsto intervir, dígoo con sinceridade, pero non é xa que teña que respostar ao señor portavoz do Partido Socialista, que loxicamente cando quedan dúas xornadas para celebrar unhas eleccións, parece que ten algunha urxencia para sacar nese Pleno cuestións alleas ao ámbito provincial. Nós non somos a franquía da Xunta de Galicia, isto non é o Parlamento de Galicia, señor voceiro do Partido Socialista, nós falamos en función do que escoitamos aos alcaldes e do que acontece na provincia. Parece que Plan+ é o descubrimento da perfección do movemento continuo, parece que antes non había nada, e que agora estamos todos felices con este Plan único, por certo, unicamente divulgado e promocionado e anunciado con algo, digamos, de falta de respecto á pluralidade da provincia nos medios, está ben, fotos do presidente, fotos dos deputados do bigoberno, que a verdade é que pon colorado o uso que fan vostedes desa publicidade do Plan único.

Cando fan unha comparación entre o Plan único e a situación actual deberían de facela con criterios homoxéneos e sumando todas as axudas que decidiron vostedes eliminar ao longo deste mandato. Nese caso, obviamente a comparación non é a que vostedes tentan trasladar. Hai problemas na xestión, hai problemas nos trámites, hai problemas nas axudas que presta a Deputación noutros ámbitos de xestión durante este mandato, por exemplo, protestas das entidades deportivas, hai unha inercia por parte deste bigoberno a poñerse de lado ante problemas que son problemas que acontecen na provincia, parece que ao final van resolver cara ao 2020 as emerxencias, xa veremos se iso é así, xa veremos se o custo é menor e a eficacia maior, non fixeron nada para atender cuestións como as canceiras, que xa sei que a vostede non lle gusta que as recorde, pero é así, nin axuda para as novas tecnoloxías para os concellos, porque co Plan único deixan vostedes que sexan os concellos os que decidan os cartos onde van ser destinados.

Está ben, nós tamén cremos que os concellos son maiores de idade, pero miren, a verdade é que non tiña previsto intervir neste punto, porque nós pensabamos votar favorablemente posto que son cartos que van destinados a todos os concellos da provincia, pero si que tiña previsto intervir nos puntos seguintes, no 29 e no 30, porque na Comisión correspondente vostedes tramitaron con carácter urxente dous convenios con dous concellos desta provincia, Dumbría e Valdoviño, que curioso! vostedes deberán dicir quen son os gobernos de Dumbría e de Valdoviño, métenos tarde, mal e arastro, dous convenios de dúas nominativas, de 324.000 euros e 279.000 euros. Nós abstivémonos nas comisións e agora imos votar favorablemente, imos votar favorablemente polos veciños deses concellos, pero temos que amosar a nosa protesta polo uso que fixeron vostedes das subvencións nominativas ao longo deste mandato, posto que si, falaban desde o primeiro día de que tiñan que limitar as

subvencións nominativas, decidiron poñer unha porcentaxe sobre o orzamento da Deputación, non foron capaces, posto que hoxe é o derradeiro Pleno antes das eleccións municipais, de tramitar un documento que debería ser sinxelo, o Plan estratéxico de subvencións, que daría soporte a esas subvencións, que foi reclamando insistentemente, un tras outro, nos diferentes informes por parte da Intervención, ben rematamos o mandato sen ese Plan estratéxico que daría soporte a moitas das actuacións que realiza a Deputación a través das subvencións nominativas.

Pero miren, se collemos o resultado deste mandato, desde o día primeiro ata o día de hoxe, incluíndo este Pleno, o resultado é o seguinte: os concellos do Partido Popular asinarán subvencións nominativas por 3,8 millóns de euros, lembro que o Partido Popular ten por riba do 30% da representación da provincia nas eleccións municipais do ano 2015; os concellos do Partido Socialista, 8,1 millóns de euros, que casualidade!, os concellos do BNG, 3,4 millóns, número redondo, case o mesmo que os concellos do Partido Popular, cando hai moitísimos máis veciños e moitísima máis poboación que está dirixida por alcaldes do Partido Popular, que por suposto do BNG e tamén do Partido Socialista.

E logo despois, a verdade é que non teño que deixar de facer unha mención ás Mareas de Podemos, posto que temos escoitado, corro o risco de que o Sr. Dios faga uso da palabra despois do que vou dicir, pero eu a verdade é que non me resisto a dicir que o Sr. Dios estivo feliz apoiando de facto ao bigoberno PSOE-BNG durante todo este mandato, coa simple resposta do Sr. Presidente de que "ben, estamos analizando ese Plan de grandes cidades". O Sr. Dios vai marchar, posto que non repite de concelleiro da Corporación provincial, encantado de escoitar, "non, estamos co Plan de grandes cidades", pero ben, a verdade é que tampouco tiveron mal resultado posto que durante este mandato vostedes, as Mareas de Podemos, Ferrol, A Coruña e Santiago tiveron 5,6 millóns de euros de subvencións nominativas. Ese é o resultado do bigoberno do PSOE máis do BNG, fixeron un uso absolutamente sectario das subvencións nominativas aos concellos, e agora meten pola porta de atrás, de xeito urxente neste derradeiro Pleno dúas nominativas, unha en Dumbría, o alcalde de Dumbría está aquí sentado, unha en Valdoviño, supoño que igual é que vostedes non teñen claro que é o que vai acontecer a partir do 26 de maio, pero en todo caso nós o que si que reiteramos é a nosa disconformidade e cremos que a disconformidade dos veciños, por ese tratamento das subvencións nominativas. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. presidente, boa tarde xa, ou bo día compañeiros e compañeiras. É certo que non ía intervir, e tampouco quero dicir que o faga pola intervención do portavoz do Partido Popular, que eu recoñezo que ten un papel moi complicado, explicar publicamente e, sobre todo, aos seus concelleiros e aos seus alcaldes, que está en desacordo do Plan único, é realmente complicado argumentalo, porque eu creo que é bastante obxectivo que o Plan mellora e mellorou a situación da propia Deputación de mandatos anteriores, eu creo que iso é un dato bastante incuestionable. Simplemente dicir que no Plan único, que é un plan do goberno, colaboramos outros Grupos desta Cámara, e que estaría elegante que alguén o recoñecera. Moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

A verdade é que ao mellor foi culpa miña intervir, non ía intervir ninguén, intervín eu, e entramos de pleno no debate electoral. Eu non quería entrar en debates electorais, tempo teremos, polo menos a min cánsanme bastante e ademais teño un lote deles, entón non era a miña intención debater electoralmente aquí. Pero xa que hai que contestar a cousas, porque hai que contestar, isto do bigoberno un xa o vén escoitando incluso nos tempos en que houbo un bigoberno na Xunta de Galicia que gobernou tres anos e medio e que parece que todo o bo fano outros e todo o malo pasou neses tres anos e medio, é unha cousa moi curiosa, non se dá amortizado ese bigoberno, pero ben, eu se me teño que referir á dereita do Partido Popular, non sei cantos bigobernos podería haber, ou trigobernos, ou catrigobernos, porque cada día marcha un do Partido Popular para outro lado, e xa non se sabe como está a dereita agora mesmo, nin cantas forzas políticas se van presentar ás eleccións da dereita, nin se vai haber trifachito, ou non vai haber nada diso, non o sei, eu non me quero meter nese asunto. Pero voulle recordar ao señor portavoz do Partido Popular unha cuestión, é curioso, é moi curioso que se fale das nominativas nesta Corporación e que se fale de se antes do POS+ había ou non había plans, claro que había un plan, e aquí sempre recoñeceremos que cando o Estado, naquel momento gobernado polo Partido Popular, decidiu retirar os fondos para os plans de obras e servizos das Deputacións provinciais, o goberno desta Deputación, tamén gobernado polo Partido Popular, decidiu manter con investimentos propios o POS, non é ningunha cuestión en contra de recoñecer iso, polo tanto, queda recoñecido, pero que o POS+ avanzou moitísimo nas achegas que fai esta Corporación aos concellos é un feito, é un feito que pode discutir o portavoz do Partido Popular, pero que é indiscutible porque os datos ratifícanos completamente. Pero é curioso que por aquela altura de anos, 2011-2015, que foi practicamente onte, había o POS, o Plan de obras e servizos de competencia municipal, que estaba dotado con vinte e catro millóns e medio de euros, se non recordo mal, e naquela mesma altura de anos, durante os anos 2011-2015, esta Deputación provincial daba por baremación un Plan de obras e servizos de vinte e catro millóns e medio, e vinte e sete millóns de euros de nominativas, é dicir, daba dous millóns e medio máis de nominativas que no POS, é curioso iso, e é un dato que deberíamos ter en conta á hora de recordar certas cousas o de facer certas afirmacións. E dos vinte e sete millóns de euros que daba por aquel entón a Deputación da Coruña ao BNG, que eu vou falar da miña forza política, ao BNG, non lle tocaba practicamente nada, ou nada directamente, porque houbo expedientes de modificación de créditos que eran todos, absolutamente todos, para concellos do Partido Popular.

E xa que se fala do POS+, e que incluso se atreve a discutir o POS+ e se fala do Plan das grandes cidades e se pon en dúbida, porque eu si recoñezo o labor de Compostela Aberta e das Mareas na colaboración para sacar un Plan como o POS+ adiante, porque se fixeron achegas e estívose pendente de que ese documento se mellorase por parte de todos, pero xa que se fala do POS+ e doutros plans, e das achegas que fixo esta Corporación ás cidades, eu quero recordar que a maior parte dos concellos da provincia, a maior parte, pero moi maior, viu minoradas as achegas da Deputación da Coruña a través do DTC para curiosamente darlle inxentes cantidades de cartos ás tres cidades da provincia, naquel momento gobernados por tres alcaldes do Partido Popular.

E xa digo, eu non quería entrar nun debate electoral nesta Corporación porque creo que non toca, pero está ben refrescar a memoria e recordar as cousas para que cada coma e cada punto queden no seu sitio. E xa que se fala, abriuse xa o debate de dous convenios nominativos, que tamén dependen da miña área de xestión, eu

ánimoos a falar cos funcionarios e funcionarias do departamento, a ver desde cando están consignados e se están tramitando eses dous convenios nominativos, porque hai máis dun ano que estamos traballando neses convenios, hai máis dun ano, e eu tamén vou recordar unha cousa porque non todos os convenios nominativos son iguais.

Cando falamos da pérgola e das dunas de Valdoviño, da praia de Meirás, eu creo que non todas as nominativas son iguais, e estamos falando do Pindo e das dunas de Valdoviño, que levan dúas nominativas, pero que son creo que dous enclaves moi singulares dentro da provincia da Coruña, e que ao departamento de turismo e de patrimonio nos interesan, como moitos outros que estamos xestionando e que non nos deu tempo aínda a traer a este Pleno, e aquí que se aproban convenios nominativos para asfaltados, para melloras de sendeiros, para rede de sumidoiros, para todo tipo de cousas que entran directamente no subvencionable a través do Plan de obras e servizos, é curioso que se vaia poñer agora pegas a espazos que están protexidos singularmente pola Rede Natura, polo Plan de litoral, por todas as normas habidas e por haber de protección da paisaxe están protexidos eses espazos, que se faga unha actuación de conservación, que cremos que é importante, e de adecuación dos espazos para impedir que se sigan deteriorando, e no caso do Pindo, que é un escaparate da provincia, en probas ciclistas de ámbito internacional, na volta ciclista a España, en moitos eventos de tipo turístico, que evitemos unha subvención que os postos de venda de todo tipo de cuestións vaian subindo polo Pindo arriba e teñan un espazo para situarse e dar unha mellor imaxe a nivel turístico, que se critiquen esas subvencións nominativas e que se aproben outras, que de singularidade teñen pouco, a min, certamente, como encargado de traelas aquí, moléstame, porque veñen aquí despois de sufrir un recorrido administrativo que se estiveran dous meses antes asegúrolle a vostede que estarían aquí dous meses antes, e se non puideran estar este mes, seguramente terían que estar para o mes que vén.

Pero eu creo que, para non entrar tampouco noutras historias, que se entenderían mal dentro xa da propia campaña de eleccións municipais, decidimos apuralas o antes posible para traelas a este Pleno. É unha pena que certos debates se dean aquí, pero xa que é inevitable dálos, quedan dados.

Sr. Fernández Piñeiro

Xa saben que eu sempre son moi partidario de tirar de refraneiro, díxolle a tixola ao cazo, Sr. Hernández.

A verdade é que é curioso, primeiro que esteamos falando do Plan único e vostede falou de todo menos do Plan único, que é o habitual. Pregunteille unha vez máis se están de acordo que os fondos se repartan con criterios obxectivos, segue sen contestarme, e levo facendo a pregunta desde novembro.

En todo caso, repito, falou vostede de nominativas, falou vostede das canceiras, falou dun montón de cousas que repiten ao longo desta lexislatura a modo de mantra, pero non falou do que eu estaba a falar e do que se trata este punto que estamos a debater e que imos votar, que é do Plan único. Polo tanto, penso que iso me reforza nos meus argumentos, porque vostede non achegou ningún, e ademais de reforzarme nos argumentos, a realidade reforza aínda máis os argumentos porque amosa que os concellos non perden co Plan único, senón que reciben moito máis, independentemente do que sempre me repite vostede das liñas suprimidas, nunca dá o dato. As liñas suprimidas que van incorporadas no Plan único son unha parte moi

pequena do Plan único, se sumamos o que reciben os concellos por esas liñas que se suprimiron e o que reciben agora, hai moitísima diferenza aínda así, Sr. Hernández.

En todo caso, é curioso tamén que fale vostede das subvencións nominativas, precisamente o Partido Popular. Segundo os datos que aprobamos no último Pleno, do informe da Intervención municipal, non o di o Partido Socialista, nin o goberno, ou o bigoberno, ese que lle chama vostede, que sempre ten algún título para algún dos Grupos que hai nesta Corporación, o cal, iso si amosa unha verdadeira falta de respecto, e non iso que fala vostede da publicidade, porque cada Grupo ten un nome concreto, nin as Mareas son de Podemos, nin nós somos un bigoberno, nin cousas polo estilo, pero ben, está moi ben como titular.

En todo caso, en 2014 o Partido Popular repartiu 17,8 millóns de euros en nominativas, o último ano completo de goberno do Partido Popular, en 2018 este goberno repartiu 5 millóns; 17,8 millóns nominativas, criterio totalmente político, partidista do Partido Popular, fronte a 5 millóns que repartimos neste ano 2018, e repito, estes son datos da Intervención da Deputación provincial.

Pero podemos, se quere ir vostede, xa que estamos en materia, ao último modificativo de crédito aprobado polo goberno do Sr. Diego Calvo no ano 2015. Repartíronse en nominativas, fágolle eu o cálculo rápido, 3.990.000 euros, dos cales 3.800.000 repartíronse entre concellos do Partido Popular, 120.000 euros, concellos do PSOE, digo concellos porque seguramente serían un ou dous como moito, e 70.000 ao BNG, é dicir, o 95% dos fondos que se repartiron con ese modificativo de crédito foron para concellos do Partido Popular, o 95%. Eu non recordo moi ben os resultados da provincia das eleccións municipais do ano 2011, pero penso que o Partido Popular non gobernaba no 95% dos concellos, nin representaba ao 95% dos cidadáns da provincia da Coruña. Polo tanto, en materia de reparto de fondos, está ben que vostede o faga, porque é o seu papel, e ten que defendelo, pero case é perder o tempo, é imposible que faga vostede ningunha comparativa entre gobernos do Partido Popular nesta administración, e este goberno, ou calquera outro do Partido Socialista, ou BNG, ou calquera outro Grupo que poida incorporarse, no que saian vostedes gañando, ningún, en subvencións nominativas, sempre repartiron entre os seus, en vías e obras, sempre dedicaron máis fondos aos seus concellos, iso sabémolo todos, e están os datos aí, que son obxectivos, de feito, xa lle digo, e repito novamente, porque é importante deixalo claro, os datos que acabo de achegar son do informe do Intervención aprobado no último Pleno, non o digo eu.

E sobre a publicidade do Plan Único, a publicidade que facemos do Plan único a facemos en medios que libremente deciden darlle publicidade, non a facemos na TVG, nós non utilizamos medios públicos pagados polos cartos de todos os cidadáns de Galicia para facer publicidade, nós facémola nos medios privados, que é como ten que ser. Polo tanto, ata niso, Sr. Hernández, tampouco vostede pode comparar, mire que desgraza.

En todo caso, repito, o importante de todo iso é que do que estamos a falar é do Plan único e vostede, como sempre, aquel refrán, e comecei cun refrán e remato con outro, "ti toca o que queiras que eu bailo o que sei". Moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Sigan vostedes facendo debate falando do pasado, nós humildemente intentaremos xestionar o futuro desta provincia, non teña ningunha dúbida. Un dato,

simplemente un dato, non vou dar máis, dos dezasete concellos que levan puntos a este Pleno, a este, estamos falando o día 26 de abril, tres son do Partido Popular, o resto non, 106.000 euros, o resto, 1,4 millóns de euros. Polo tanto, todo queda dito, 3, 100.000 euros, de 17, fronte a 1,4 millóns de euros.

Sr. Fernández Piñeiro

Aquí gobernamos toda unha lexislatura, Sr. Hernández. No último modificativo e no anterior, incluso nos puntos que teñen que ver con vías e obras, no último ía só un concello do Partido Socialista e no anterior ningún sequera, pois agora coincidiu así, pero hai unha programación das actuacións, e vostede sabe que a tramitación é imposible ser tan dilixentes como para facelos coincidir co último Pleno da lexislatura, pero en todo caso, xa que estamos dando datos, doulle un máis, fíxese vostede, téño que ter por aquí, e ten que ver co que falábamos con anterioridade do reparto de fondos e como se dedicaban os fondos nesta Deputación provincial. É moi rápido, finalizando co punto que nos ocupa, Plan único, 282,5 millóns de euros repartidos entre os concellos da provincia, 1.474 obras financiadas pola Deputación provincial, 10,7 millóns de euros para a redución da débeda dos concellos desta provincia, e 7,8 millóns para o pago a provedores, este é o incremento do Plan único ao longo desta lexislatura. Fronte a estes datos, Sr. Hernández, vostede, pouco ou nada ten que dicir. Moitas grazas.

Sr. Presidente

En calquera caso, moitas grazas por votar a favor.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 28 de setembro de 2018 e publicadas no BOP nº 188 do 2 de outubro de 2018

Vistas as solicitudes presentadas telematicamente polos 93 concellos da provincia de acordo coas bases reguladoras do plan, partindo das achegas provinciais que lles foron asignadas de forma obxectiva

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, cuxo resumo de cifras globais de financiamento dos distintos apartados nos que se estrutura, en función dos 3 tipos de achegas provinciais aplicadas e os 4 posibles obxectos do plan, e o que se indica a continuación, e cuxos datos por concello e relación de actuacións figuran nos anexos I a VIII a este acordo, segundo se detalla:

ÍNDICE DE ANEXOS A ESTE EXPEDIENTE	
Anexo I	Resumo xeral de cada concello por tipos de achega e obxecto
Anexo II	Resumo por concello dos importes consumidos por tipo de achega
Anexo III	Pago a provedores
Anexo IV	Gasto corrente
Anexo V	Obras e subministracións (achega provincial 2019)

Anexo VI	Obras e subministracións (achega provincial 2018)
Anexo VII	Obras e subministracións (préstamo provincial 2019)
Anexo VIII	Redución de débeda con entidades financeiras
Anexo IX	Plan complementario

POS+ 2019						
TÁBOA RESUMO XERAL : OBXECTOS, TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL, PARTIDAS E ACHEGA MUNICIPAL						
OBXECTOS	ACHEGA PROVINCIAL 2019	ACHEGA PROVINCIAL 2018	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	T O T A L ACHEGA PROVINCIAL	CONCELLO	TOTAL
Pago a provedores	Cap. II 0430/4592/46201 0,00	Cap. II 0430/4592/46201 870.628,43		Cap. II 870.628,43		
	Cap. VI 0430/4592/76201 0,00	Cap. VI 0430/4592/76201 199.360,65		Cap. VI 199.360,65		
	Total pago provedores 0,00	Total pago provedores 1.069.989,08		Subtotal pago provedores 1.069.989,08		1.069.989,08
Gastos correntes	0430/4592/46201 19.023.963,24			19.023.963,24		19.023.963,24
Obras ou subminist.	0430/4592/76201 7.472.457,07	0430/4592/76201 15.690.920,52	0430/9436/82120 8.797.023,92	31.960.401,51	3.238.560,02	35.198.961,53
Redución débeda entidades financeiras			0430/9436/82120 1.239.642,78	1.239.642,78		1.239.642,78
T O T A L	26.496.420,31	16.760.909,60	10.036.666,70	53.293.996,61	3.238.560,02	56.532.556,63

A aprobación definitiva deste Plan POS+ 2019 queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 2/2019 no que se consigna crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial 2018 ao POS+ 2019 nas partidas orzamentarias indicadas.

Ademais, a aprobación definitiva do obxecto denominado "Redución de débedas con entidades financeiras", financiado con cargo ao POS+ 2019, cuxo detalle figura no anexo VIII a este acordo, queda condicionada a que a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello emita un informe no que se acredite que o préstamo municipal a cuxa minoración se aplica o POS+ 2019 non está relacionado co mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais; ou, no caso de estar relacionado, que o concello conta con todas as autorizacións precisas para aplicar o POS+ 2019 á súa minoración. Non obstante, os concellos cuxo préstamo estivese relacionado co dito mecanismo de pago a provedores poderán solicitar aplicar o POS+ 2019 á minoración doutro préstamo que teñan concertado con entidades financeiras que non estea relacionado co mecanismo de pago a

provedores, o que poderá aprobar esta deputación mediante resolución de Presidencia.

2.- Aprobar os proxectos das obras e os pregos de prescricións técnicas das subministracións presentados polos concellos que se detallan nos anexos V, VI e VII a este acordo. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que nos ditos anexos teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

3.- Aprobar o Plan complementario ao POS+ 2019, no que se inclúen as obras e subministracións solicitadas neste apartado polos concellos. Estes investimentos inclúense no plan con natureza de reserva, coa finalidade de poder investir en cada concello os créditos procedentes ben das baixas de licitación ou anulacións de cada concello, ou ben as maiores achegas ao plan que, se é o caso, poida aprobar esta deputación.

Anexo IX	Plan complementario
----------	---------------------

Aprobar os proxectos das obras e os pregos de prescricións técnicas das subministracións presentados polos concellos para a súa inclusión no Plan complementario, e que se detallan no anexo IX a este acordo. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que neste anexo teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

4.- A contratación das obras e subministracións incluídas neste plan realizaranas os respectivos concellos, de acordo coas instrucións que figuran nas bases reguladoras deste plan, e as circulares que para tal fin se lles envíen aos concellos.

5.- Dispor o pago, con carácter de prepagable, aos concellos que destinan a achega provincial asignada ao financiamento do pago a provedores e dos seus gastos correntes, de acordo co detalle que figura nos correspondentes anexos a este acordo :

OBXECTOS PREPAGABLES	ANEXO
Pago a provedores	Anexo III
Gastos correntes	Anexo IV

Este pago realizarase con cargo ás partidas indicadas, e segundo os datos contables do informe da Intervención desta deputación.

6.- Dispor o pago do préstamo provincial aplicado polos concellos á redución do seu endebedamento con entidades financeiras, cuxo detalle figura no anexo VIII, *logo de acreditarse o cumprimento da condición establecida no último parágrafo do apartado 1 deste acordo*. Esta deputación transferiralle directamente á entidade financeira na que o concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar, o importe do préstamo provincial que o concello solicitou aplicar a esta finalidade.

Redución da débeda do concello con entidades financeiras	Anexo VIII
--	------------

7.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

8.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no artigo 29.2) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado e a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

9.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

10.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguir as actuacións."

POS+ 2019

ANEXO I: RESUMO XERAL POR CONCELLO E TIPOS DE ACHEGA E OBXECTOS

CONCELLO	1-PAGO A PROVEDORES		TOTAL PAGO A PROVEDORES	2.-GASTOS CORRENTES	3.-INVESTIMENTOS				4.-REDUCCIÓN DE DÉBEDA	TOTAIS			
	ACHEGA PROVINCIAL 2019	ACHEGA PROVINCIAL 2018		ACHEGA PROVINCIAL 2019	ACHEGA PROVINCIAL 2019	ACHEGA PROVINCIAL 2018	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	TOTAL INVESTIMENTOS	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	ACHEGA PROVINCIAL 2019	ACHEGA PROVINCIAL 2018	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	TOTAL
ABEGONDO				284.675,46		129.701,88	195.512,96	325.214,84		284.675,46	129.701,88	195.512,96	609.890,30
AMES				140.000,00	427.005,49	378.670,65	389.415,09	1.195.091,23		567.005,49	378.670,65	389.415,09	1.335.091,23
ARANGA				131.221,23	97.470,97	102.711,95		200.182,92		228.692,20	102.711,95	0,00	331.404,15
ARES		27.924,96	27.924,96		152.019,20	56.799,37		208.818,57	104.405,64	152.019,20	84.724,33	104.405,64	341.149,17
ARTEIXO				612.592,44		255.814,05		255.814,05		612.592,44	255.814,05	0,00	868.406,49
ARZÚA				394.333,41		228.405,52		228.405,52		394.333,41	228.405,52	0,00	622.738,93
A BAÑA				262.841,86		125.181,84	180.517,81	305.699,65		262.841,86	125.181,84	180.517,81	568.541,51
BERGONDO				210.267,57		111.814,10		111.814,10		210.267,57	111.814,10	0,00	322.081,67
BETANZOS					259.443,66	111.536,74	178.183,95	549.164,35		259.443,66	111.536,74	178.183,95	549.164,35
BOIMORTO				180.000,00	35.951,37	146.989,21		182.940,58		215.951,37	146.989,21	0,00	362.940,58
BOIRO				413.254,54		204.024,13	210.310,69	414.334,82	73.509,41	413.254,54	204.024,13	283.820,10	901.098,77
BOQUEIXÓN				238.681,79		106.910,74	163.924,85	270.835,59		238.681,79	106.910,74	163.924,85	509.517,38
BRIÓN				262.705,35		132.704,37		132.704,37		262.705,35	132.704,37	0,00	395.409,72

CABANA DE B.				254.449,84		185.530,50	174.754,23	360.284,73		254.449,84	185.530,50	174.754,23	614.734,57
CABANAS				56.232,55	94.406,79	68.125,79	33.092,51	195.625,09		150.639,34	68.125,79	33.092,51	251.857,64
CAMARIÑAS		14.894,14	14.894,14	184.980,00		169.514,46	96.728,30	266.242,76	30.314,57	184.980,00	184.408,60	127.042,87	496.431,47
CAMBRE				444.760,81		212.981,68	280.288,60	493.270,28	25.169,77	444.760,81	212.981,68	305.458,37	963.200,86
CAPELA (A)				135.406,84		86.904,06		86.904,06		135.406,84	86.904,06	0,00	222.310,90
CARBALLO				725.967,49		360.730,09	498.588,99	859.319,08		725.967,49	360.730,09	498.588,99	1.585.286,57
CARNOTA				34.831,28	159.765,54	100.896,69	41.742,70	302.404,93	91.904,93	194.596,82	100.896,69	133.647,63	429.141,14
CARRAL		32.644,98	32.644,98	90.644,03	119.000,00	165.323,00		284.323,00		209.644,03	197.967,98	0,00	407.612,01
CEDEIRA		14.086,95	14.086,95	258.646,02		97.106,87		97.106,87		258.646,02	111.193,82	0,00	369.839,84
CEE				171.562,50	57.596,00	125.441,09		183.037,09		229.158,50	125.441,09	0,00	354.599,59
CERCEDA				276.031,28		192.794,19	189.576,20	382.370,39		276.031,28	192.794,19	189.576,20	658.401,67
CERDIDO				124.966,17		113.724,93		113.724,93		124.966,17	113.724,93	0,00	238.691,10
COIRÓS				129.349,79		61.829,27		61.829,27		129.349,79	61.829,27	0,00	191.179,06
CORCUBIÓN				78.962,58		61.861,40		61.861,40		78.962,58	61.861,40	0,00	140.823,98
CORISTANCO		174.876,94	174.876,94	351.188,91		251.354,56		251.354,56	31.789,35	351.188,91	426.231,50	31.789,35	809.209,76
CORUÑA (A)		70.521,35	70.521,35		181.708,38	60.740,97		242.449,35		181.708,38	131.262,32	0,00	312.970,70
CULLEREDO				296.142,92	241.201,88	321.228,14	369.044,35	931.474,37		537.344,80	321.228,14	369.044,35	1.227.617,29
CURTIS				183.044,77	62.059,90	105.372,29		167.432,19		245.104,67	105.372,29	0,00	350.476,96
DODRO				124.705,38		55.040,02		55.040,02	85.646,71	124.705,38	55.040,02	85.646,71	265.392,11
DUMBRÍA				200.000,01	64.089,82	122.662,80	181.374,90	368.127,52		264.089,83	122.662,80	181.374,90	568.127,53
FENE				273.150,90		224.096,62	187.597,98	411.694,60		273.150,90	224.096,62	187.597,98	684.845,50

FERROL		90.118,62	90.118,62		302.115,41	153.934,74		456.050,15		302.115,41	244.053,36	0,00	546.168,77
FISTERRA				147.876,39		83.981,54	101.560,39	185.541,93		147.876,39	83.981,54	101.560,39	333.418,32
FRADES				217.464,82		99.057,16		99.057,16		217.464,82	99.057,16	0,00	316.521,98
IRIXOA				76.239,22	87.964,65	168.915,39		256.880,04		164.203,87	168.915,39	0,00	333.119,26
LAXE				146.933,44		105.336,28		105.336,28	100.912,78	146.933,44	105.336,28	100.912,78	353.182,50
LARACHA (A)				383.351,97		353.578,25	263.283,24	616.861,49		383.351,97	353.578,25	263.283,24	1.000.213,46
LOUSAME				218.464,37		179.580,30	150.039,68	329.619,98		218.464,37	179.580,30	150.039,68	548.084,35
MALPICA DE B.				221.277,79		143.977,64		143.977,64		221.277,79	143.977,64	0,00	365.255,43
MAÑÓN				177.042,84		144.540,17	121.591,69	266.131,86		177.042,84	144.540,17	121.591,69	443.174,70
MAZARICOS				362.503,29		200.837,03		200.837,03		362.503,29	200.837,03	0,00	563.340,32
MELIDE				372.380,04		225.563,69		225.563,69		372.380,04	225.563,69	0,00	597.943,73
MESÍA				129.792,95	117.057,44	121.914,74		238.972,18		246.850,39	121.914,74	0,00	368.765,13
MIÑO				193.101,58		151.535,05		151.535,05		193.101,58	151.535,05	0,00	344.636,63
MOECHE				131.442,67		69.326,94		69.326,94		131.442,67	69.326,94	0,00	200.769,61
MONFERO				200.000,00	95.436,34	211.615,47	202.903,45	509.955,26		295.436,34	211.615,47	202.903,45	709.955,26
MUGARDOS		3.080,38	3.080,38	11.262,88	145.591,29	76.559,44		222.150,73		156.854,17	79.639,82	0,00	236.493,99
MUXÍA				323.951,77		153.019,43		153.019,43		323.951,77	153.019,43	0,00	476.971,20
MUROS		61.573,02	61.573,02		269.558,62	175.378,12	148.086,16	593.022,90	37.044,67	269.558,62	236.951,14	185.130,83	691.640,59
NARÓN				646.396,89		505.218,32		505.218,32		646.396,89	505.218,32	0,00	1.151.615,21
NEDA				123.234,82	30.000,99	133.579,15		163.580,14		153.235,81	133.579,15	0,00	286.814,96
NEGREIRA		70.411,07	70.411,07	333.584,39		117.867,33	220.558,20	338.425,53	8.545,04	333.584,39	188.278,40	229.103,24	750.966,03
NOIA				287.122,07		320.229,08	197.193,27	517.422,35		287.122,07	320.229,08	197.193,27	804.544,42

OLEIROS				574.152,05		248.097,78		248.097,78		574.152,05	248.097,78	0,00	822.249,83
ORDES				437.233,51		240.991,11		240.991,11	300.288,67	437.233,51	240.991,11	300.288,67	978.513,29
OROSO					266.700,18	261.585,73	171.811,27	700.097,18	11.356,40	266.700,18	261.585,73	183.167,67	711.453,58
ORTIGUEIRA	53.353,85	53.353,85	416.832,50	40.000,00	256.408,87	313.749,09	610.157,96			456.832,50	309.762,72	313.749,09	1.080.344,31
OUTES					286.625,48	145.358,40		431.983,88		286.625,48	145.358,40	0,00	431.983,88
PADERNE				157.430,74		99.427,81		99.427,81		157.430,74	99.427,81	0,00	256.858,55
PADRÓN				225.032,08		180.822,80	154.550,33	335.373,13		225.032,08	180.822,80	154.550,33	560.405,21
O PINO				309.543,77		141.234,14	211.256,83	352.490,97		309.543,77	141.234,14	211.256,83	662.034,74
POBRA DO C.					214.656,77	144.356,73	126.120,50	485.134,00	21.304,15	214.656,77	144.356,73	147.424,65	506.438,15
PONTECESO				277.965,99		221.366,10	151.673,97	373.040,07	39.230,97	277.965,99	221.366,10	190.904,94	690.237,03
PONTEDEUME				208.544,95		167.758,73	86.093,82	253.852,55		208.544,95	167.758,73	86.093,82	462.397,50
AS PONTES DE G.	30.990,93	30.990,93			555.220,96	368.728,87	381.321,56	1.305.271,39		555.220,96	399.719,80	381.321,56	1.336.262,32
PORTO DO SON	43.803,38	43.803,38			309.492,41	185.556,77	89.105,67	584.154,85	123.451,38	309.492,41	229.360,15	212.557,05	751.409,61
RIANXO	162.855,29	162.855,29	236.754,18	35.640,42	40.487,20	187.077,56		263.205,18		272.394,60	203.342,49	187.077,56	662.814,65
RIBEIRA					500.889,62	421.850,58	227.182,37	1.149.922,57	116.824,85	500.889,62	421.850,58	344.007,22	1.266.747,42
ROIS					253.642,48		114.668,08	174.199,74		253.642,48	114.668,08	174.199,74	542.510,30
SADA	36.596,90	36.596,90	29.000,00	268.957,57	213.467,01	199.034,70		681.459,28		297.957,57	250.063,91	199.034,70	747.056,18
SAN SADURNIÑO	22.939,59	22.939,59	221.402,31		110.235,69	112.332,04		222.567,73		221.402,31	133.175,28	112.332,04	466.909,63
SANTA COMBA					471.301,87	231.962,77	323.686,57	1.026.951,21		471.301,87	231.962,77	323.686,57	1.026.951,21
SANTIAGO DE C.	80.846,28	80.846,28	198.659,70	406.609,27	170.126,76			576.736,03		605.268,97	250.973,04	0,00	856.242,01
SANTISO					208.907,29			118.624,66		208.907,29	118.624,66	0,00	327.531,95
SOBRADO	77.352,63	77.352,63	159.336,00	91.880,68	43.266,18			135.146,86		251.216,68	120.618,81	0,00	371.835,49

SOMOZAS (AS)				170.915,41		111.467,55		111.467,55		170.915,41	111.467,55	0,00	282.382,96
TEO					422.380,62	211.552,58	252.144,33	886.077,53	37.943,49	422.380,62	211.552,58	290.087,82	924.021,02
TOQUES				94.163,05	93.154,32	127.843,54		220.997,86		187.317,37	127.843,54	0,00	315.160,91
TORDOIA				268.898,30		125.512,60		125.512,60		268.898,30	125.512,60	0,00	394.410,90
TOURO				225.000,00	73.399,38	207.379,75	175.000,00	455.779,13		298.399,38	207.379,75	175.000,00	680.779,13
TRAZO				241.787,58		195.906,04		195.906,04		241.787,58	195.906,04	0,00	437.693,62
VALDOVIÑO				258.320,96		229.756,18	72.167,82	301.924,00		258.320,96	229.756,18	72.167,82	560.244,96
VAL DO DUBRA		1.117,82	1.117,82	140.488,57	123.756,83	251.686,54	181.481,75	556.925,12		264.245,40	252.804,36	181.481,75	698.531,51
VEDRA				217.208,82		142.694,17	149.177,38	291.871,55		217.208,82	142.694,17	149.177,38	509.080,37
VILASANTAR				98.547,78	52.402,30	82.235,94		134.638,24		150.950,08	82.235,94	0,00	233.186,02
VILARMAIOR				80.000,00	32.825,71	115.227,72		148.053,43		112.825,71	115.227,72	0,00	228.053,43
VIMIANZO				410.584,64		183.835,47	281.986,43	465.821,90		410.584,64	183.835,47	281.986,43	876.406,54
ZAS				321.577,23		174.315,17		174.315,17		321.577,23	174.315,17	0,00	495.892,40
CARIÑO				166.454,51		88.156,45		88.156,45		166.454,51	88.156,45	0,00	254.610,96
OZA CESURAS				186.556,93	227.118,94	186.898,82		414.017,76		413.675,87	186.898,82	0,00	600.574,69
TOTAL 93 CONCELLOS	0,00	1.069.989,08	1.069.989,08	19.023.963,24	7.472.457,07	15.690.920,52	8.797.023,92	31.960.401,51	1.239.642,78	26.496.420,31	16.760.909,60	10.036.666,70	53.293.996,61

Nº CONCELLOS	0	19	19	80	39	93	45	93	17
---------------------	----------	-----------	-----------	-----------	-----------	-----------	-----------	-----------	-----------

POS+ 2019

ANEXO II: RESUMO IMPORTE CONSUMIDO POR CONCELLOS

		ACHEGA PROVINCIAL 2019	ACHEGA PROVINCIAL 2018	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	TOTAL	P. COMPLEMENT. SOLICITADO
ABEGONDO	Asignado	284.675,46	129.701,88	195.512,96	609.890,30	152.472,58
	Consumido	284.675,46	129.701,88	195.512,96	609.890,30	154.855,08
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	2.382,50
AMES	Asignado	567.005,49	378.670,65	389.415,09	1.335.091,23	333.772,81
	Consumido	567.005,49	378.670,65	389.415,09	1.335.091,23	777.415,69
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	443.642,88
ARANGA	Asignado	228.692,20	102.711,95	157.064,08	488.468,23	122.117,06
	Consumido	228.692,20	102.711,95	0,00	331.404,15	122.117,06
	Diferenza	0,00	0,00	-157.064,08	-157.064,08	0,00
ARES	Asignado	152.019,20	84.724,33	104.405,64	341.149,17	85.287,29
	Consumido	152.019,20	84.724,33	104.405,64	341.149,17	113.933,73
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	28.646,44
ARTEIXO	Asignado	612.592,44	263.357,99	420.723,86	1.296.674,29	324.168,57
	Consumido	612.592,44	255.814,05	0,00	868.406,49	427.980,65

	Diferenza	0,00	-7.543,94	-420.723,86	-428.267,80	103.812,08
ARZÚA	Asignado	394.333,41	228.405,52	270.825,21	893.564,14	223.391,04
	Consumido	394.333,41	228.405,52	0,00	622.738,93	329.418,78
	Diferenza	0,00	0,00	-270.825,21	-270.825,21	106.027,74
A BAÑA	Asignado	262.841,86	125.181,84	180.517,81	568.541,51	142.135,38
	Consumido	262.841,86	125.181,84	180.517,81	568.541,51	393.072,42
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	250.937,04
BERGONDO	Asignado	210.267,57	111.814,10	144.410,18	466.491,85	116.622,96
	Consumido	210.267,57	111.814,10	0,00	322.081,67	541.836,93
	Diferenza	0,00	0,00	-144.410,18	-144.410,18	425.213,97
BETANZOS	Asignado	259.443,66	111.536,74	178.183,95	549.164,35	137.291,09
	Consumido	259.443,66	111.536,74	178.183,95	549.164,35	1.336.440,10
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	1.199.149,01
BOIMORTO	Asignado	215.951,37	146.989,21	148.313,77	511.254,35	127.813,59
	Consumido	215.951,37	146.989,21	0,00	362.940,58	215.404,70
	Diferenza	0,00	0,00	-148.313,77	-148.313,77	87.591,11
BOIRO	Asignado	413.254,54	204.024,13	283.820,10	901.098,77	225.274,69
	Consumido	413.254,54	204.024,13	283.820,10	901.098,77	225.274,69
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
BOQUEIXÓN	Asignado	238.681,79	106.910,74	163.924,85	509.517,38	127.379,35
	Consumido	238.681,79	106.910,74	163.924,85	509.517,38	165.102,36
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	37.723,01

BRIÓN	Asignado	262.705,35	132.704,37	180.424,05	575.833,77	143.958,44
	Consumido	262.705,35	132.704,37	0,00	395.409,72	146.173,53
	Diferenza	0,00	0,00	-180.424,05	-180.424,05	2.215,09
CABANA DE B.	Asignado	254.449,84	185.530,50	174.754,23	614.734,57	153.683,64
	Consumido	254.449,84	185.530,50	174.754,23	614.734,57	159.689,67
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	6.006,03
CABANAS	Asignado	150.639,34	68.125,79	103.457,96	322.223,09	80.555,77
	Consumido	150.639,34	68.125,79	33.092,51	251.857,64	123.558,30
	Diferenza	0,00	0,00	-70.365,45	-70.365,45	43.002,53
CAMARIÑAS	Asignado	184.980,00	184.408,60	127.042,87	496.431,47	124.107,87
	Consumido	184.980,00	184.408,60	127.042,87	496.431,47	240.173,51
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	116.065,64
CAMBRE	Asignado	444.760,81	212.981,68	305.458,37	963.200,86	240.800,22
	Consumido	444.760,81	212.981,68	305.458,37	963.200,86	279.945,95
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	39.145,73
CAPELA (A)	Asignado	135.406,84	86.904,06	92.996,40	315.307,30	78.826,83
	Consumido	135.406,84	86.904,06	0,00	222.310,90	140.717,96
	Diferenza	0,00	0,00	-92.996,40	-92.996,40	61.891,13
CARBALLO	Asignado	725.967,49	360.730,09	498.588,99	1.585.286,57	396.321,64
	Consumido	725.967,49	360.730,09	498.588,99	1.585.286,57	1.655.000,16
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	1.258.678,52
CARNOTA	Asignado	194.596,82	100.896,69	133.647,63	429.141,14	107.285,29

	Consumido	194.596,82	100.896,69	133.647,63	429.141,14	108.081,77
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	796,48
CARRAL	Asignado	209.644,03	198.122,16	143.981,94	551.748,13	137.937,03
	Consumido	209.644,03	197.967,98	0,00	407.612,01	174.777,18
	Diferenza	0,00	-154,18	-143.981,94	-144.136,12	36.840,15
CEDEIRA	Asignado	258.646,02	111.193,82	177.636,13	547.475,97	136.868,99
	Consumido	258.646,02	111.193,82	0,00	369.839,84	293.000,00
	Diferenza	0,00	0,00	-177.636,13	-177.636,13	156.131,01
CEE	Asignado	229.158,50	125.441,09	157.384,33	511.983,92	127.995,98
	Consumido	229.158,50	125.441,09	0,00	354.599,59	285.245,05
	Diferenza	0,00	0,00	-157.384,33	-157.384,33	157.249,07
CERCEDA	Asignado	276.031,28	192.794,19	189.576,20	658.401,67	164.600,42
	Consumido	276.031,28	192.794,19	189.576,20	658.401,67	171.510,33
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	6.909,91
CERDIDO	Asignado	124.966,17	113.724,93	85.825,82	324.516,92	81.129,23
	Consumido	124.966,17	113.724,93	0,00	238.691,10	81.129,23
	Diferenza	0,00	0,00	-85.825,82	-85.825,82	0,00
COIRÓS	Asignado	129.349,79	61.829,27	88.836,46	280.015,52	70.003,88
	Consumido	129.349,79	61.829,27	0,00	191.179,06	72.476,97
	Diferenza	0,00	0,00	-88.836,46	-88.836,46	2.473,09
CORCUBIÓN	Asignado	78.962,58	61.861,40	54.230,90	195.054,88	48.763,72
	Consumido	78.962,58	61.861,40	0,00	140.823,98	59.239,52

	Diferenza	0,00	0,00	-54.230,90	-54.230,90	10.475,80
CORISTANCO	Asignado	351.188,91	431.138,20	241.193,89	1.023.521,00	255.880,25
	Consumido	351.188,91	426.231,50	31.789,35	809.209,76	277.811,98
	Diferenza	0,00	-4.906,70	-209.404,54	-214.311,24	21.931,73
CORUÑA (A)	Asignado	181.708,38	131.262,32	124.795,94	437.766,64	109.441,66
	Consumido	181.708,38	131.262,32	0,00	312.970,70	241.963,39
	Diferenza	0,00	0,00	-124.795,94	-124.795,94	132.521,73
CULLEREDO	Asignado	537.344,80	321.228,14	369.044,35	1.227.617,29	306.904,32
	Consumido	537.344,80	321.228,14	369.044,35	1.227.617,29	308.083,94
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	1.179,62
CURTIS	Asignado	245.104,67	105.372,30	168.336,04	518.813,01	129.703,25
	Consumido	245.104,67	105.372,29	0,00	350.476,96	130.841,26
	Diferenza	0,00	-0,01	-168.336,04	-168.336,05	1.138,01
DODRO	Asignado	124.705,38	55.040,02	85.646,71	265.392,11	66.348,03
	Consumido	124.705,38	55.040,02	85.646,71	265.392,11	71.599,75
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	5.251,72
DUMBRÍA	Asignado	264.089,83	122.662,80	181.374,90	568.127,53	142.031,88
	Consumido	264.089,83	122.662,80	181.374,90	568.127,53	872.358,47
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	730.326,59
FENE	Asignado	273.150,90	224.096,62	187.597,98	684.845,50	171.211,38
	Consumido	273.150,90	224.096,62	187.597,98	684.845,50	365.783,13
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	194.571,75

FERROL	Asignado	302.115,41	244.053,36	207.490,58	753.659,35	188.414,84
	Consumido	302.115,41	244.053,36	0,00	546.168,77	688.857,75
	Diferenza	0,00	0,00	-207.490,58	-207.490,58	500.442,91
FISTERRA	Asignado	147.876,39	83.981,54	101.560,39	333.418,32	83.354,58
	Consumido	147.876,39	83.981,54	101.560,39	333.418,32	393.125,46
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	309.770,88
FRADES	Asignado	217.464,82	99.057,16	149.353,20	465.875,18	116.468,80
	Consumido	217.464,82	99.057,16	0,00	316.521,98	136.937,47
	Diferenza	0,00	0,00	-149.353,20	-149.353,20	20.468,67
IRIXOA	Asignado	164.203,87	168.915,39	112.773,98	445.893,24	111.473,31
	Consumido	164.203,87	168.915,39	0,00	333.119,26	111.477,75
	Diferenza	0,00	0,00	-112.773,98	-112.773,98	4,44
LAXE	Asignado	146.933,44	105.336,28	100.912,78	353.182,50	88.295,63
	Consumido	146.933,44	105.336,28	100.912,78	353.182,50	116.881,08
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	28.585,45
LARACHA (A)	Asignado	383.351,97	353.578,25	263.283,24	1.000.213,46	250.053,37
	Consumido	383.351,97	353.578,25	263.283,24	1.000.213,46	261.670,86
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	11.617,49
LOUSAME	Asignado	218.464,37	179.580,30	150.039,68	548.084,35	137.021,09
	Consumido	218.464,37	179.580,30	150.039,68	548.084,35	300.798,59
	Diferenza	0,00	0,00	0,00	0,00	163.777,50
MALPICA DE B.	Asignado	221.277,79	143.977,64	151.971,92	517.227,35	129.306,84

	Consumido	221.277,79	143.977,64	0,00	365.255,43	129.757,69
De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Sobrado denominada "Reforzo estrutural de firmes nas parroquias de Carelle, Codesoso, Folgoso, Nogueira, Porta e Rado", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 18.2000.0301.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, cun orzamento de contrata de 242.650,41 €, que aínda que non supón variación do seu orzamento total, representa cambios nas súas actuacións e nas súas partidas internas.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Sobrado	18.2000.0301.0	Reforzo estrutural de firmes nas parroquias de Carelle, Codesoso, Folgoso, Nogueira, Porta e Rado	242.650,41	0,00	242.650,41

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4546/82120 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Sobrado para os efectos oportunos."

29.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE DUMBRÍA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DE PÉRGOLA EN ESPAZO PÚBLICO. CREACIÓN DE PUNTOS DE VENDA TEMPORAL.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva. O obxecto da presente subvención e segundo se desprende da memoria presentada pola entidade relativa a **PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DE PÉRGOLA EN ESPAZO PÚBLICO. CREACIÓN DE PUNTOS DE VENDA TEMPORAL** consiste en executar unha serie de actuacións encamiñadas a ordenar, embelecer e dotar de servizos o bulevar da Fervenza do Xallas que, ao igual que a afluencia turística, incrementou en proporcións exponenciais o número de negocios que alí se implantan ano a ano. Esta vai servir de antesala ao espazo natural da Fervenza de Ézaro, contando cun espazo cuberto e aberto onde se poida xuntar o turismo da zona nunha área de lecer e descanso.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se vai subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE DUMBRÍA CIF P1503400B** para o financiamento das obras do **"PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DE PÉRGOLA EN ESPAZO PÚBLICO. CREACIÓN DE PUNTOS DE VENDA TEMPORAL"**

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de **324.392,19** euros, co que se executa e financia o 80,00 % da actividade por parte da Deputación da Coruña.

5º.- A subvención poderá efectuarse, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/76201 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar a D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 do 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 de 30/07/2015 e pola R.P. 29081 do 23/12/2015 para a firma do convenio.

O texto do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE DUMBRÍA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO "PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DE PÉRGOLA EN ESPAZO PÚBLICO. CREACIÓN DE PUNTOS DE VENDA TEMPORAL"

Na Coruña, o __ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de DUMBRÍA**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para este efecto, a deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e

servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos dispostos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local. O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de DUMBRÍA considera de primeira necesidade as actuacións sobre, o **"PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DE PÉRGOLA EN ESPAZO PÚBLICO. CREACIÓN DE PUNTOS DE VENDA TEMPORAL"**:

O proxecto nace como parte dun conxunto a modo de bulevar que ten como remate final a Fervenza de Ézaro, única en Europa por desembocar o río Xallas directamente ao mar, constituíndo un lugar singular pola súa beleza e maxestade. A pérgola que hai na actualidade, foi colocada hai uns 15 anos, é de madeira, puramente ornamental e xa perdeu a funcionalidade e a beleza orixinal motivado principalmente polo paso do tempo e a súa exposición directa á meteoroloxía agreste e ao ar do mar que de xeito conxunto provocaron a súa paulatina deterioración.

Tanto a nova pérgola como o seu contorno van encamiñados a ordenar, embelecer e dotar de servizos o bulevar da Fervenza do Xallas que, ao igual que a afluencia turística, incrementou en proporcións exponenciais o número de negocios que alí se implantan ano a ano. Esta vai servir de antesala ao espazo natural da Fervenza de Ézaro, contando cun espazo cuberto e aberto onde se poida xuntar o turismo da zona nunha área de lecer e descanso, dende a que se pode contemplar a non usual beleza da zona ou incluso tomar un refresco ao ar libre. Este ámbito servirá ao mesmo tempo para o ordenamento das casetas de tempada turística nas que se poden adquirir recordos ou obxectos da zona.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións o concello pretende realizar a **PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DE PÉRGOLA EN ESPAZO PÚBLICO. CREACIÓN DE PUNTOS DE VENDA TEMPORAL**, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da deputación e do Concello de DUMBRÍA ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente **CONVENIO DE COOPERACIÓN** conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta deputación a prol do Concello de DUMBRÍA, con CIF P1503400B, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras da **PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DE PÉRGOLA EN ESPAZO PÚBLICO. CREACIÓN DE PUNTOS DE VENDA**

TEMPORAL, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Arquitectos Terán y Blanco. Taller de arquitectura S.L.P

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Este proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase do seguinte xeito:

PRESUPOSTO XERAL

01 Traballos previos	7.905,44
02 Movementos de terra	1.628,72
03 Cimentación	6.246,45
04 Estrutura	69.539,72
05 Acristalamento	110.774,09
06 Urbanización	9.068,49
07 Casetas	66.348,40
08 Control de calidade	6.460,70
09 Seguridade e Saúde	2.867,30
10 Xestión de residuos	770,69

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL 281.610,00

Gastos xerais (13%) 36.609,30

Beneficio industrial (6%) 16.896,60

PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN SEN IVE 335.115,90

IVE (21%) 70.374,34

PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN 405.490,24

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **324.392,19 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,0000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o **80,000 %** da

cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4321/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para ese ano e a que neste existe dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da deputación** e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á deputación, **con anterioridade** á súa aprobación polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, xunto con este os informes emitidos, para a súa supervisión polos servizos técnicos provinciais. Posteriormente, achegarase a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas bases 57ª e 58ª das de execución do orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar esta porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e se é o caso, polo **funcionario técnico designado pola deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados da mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola deputación, se é o caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e a documentación xustificativa indicada na cláusula VI presentada no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponderlle.

4.- No caso de que a Dirección Xeral de Portos e Costas non conceda ao concello a prórroga da concesión inicial de ocupación de terreos de dominio público nos que está previsto executar as obras, ou se é o caso, no suposto de que a Dirección Xeral de Portos e Costas proceda á demolición da obra á que se está a subvencionar, o Concello de Dumbría comprométese a devolver o importe da contía da subvención.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaran o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **30 de XULLO de 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de XUÑO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesta data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou se é o caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, se é o caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e cos informes previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e polo concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

O ALCALDE -PRESIDENTE DO CONCELLO DE
DUMBRÍA

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

_____ "

30.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VALDOVIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO DE ACTUACIÓNS DE MELLORA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS E EQUIPAMENTOS DE OCIO EXISTENTES NO ACCESO ÁS PRAIAS DO CONTORNO DA PARROQUIA DE MEIRÁS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva. O obxecto da presente subvención e segundo se desprende da memoria presentada pola entidade relativa a **PROXECTO DE ACTUACIÓNS DE MELLORA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS E EQUIPAMENTOS DE OCIO EXISTENTES NO ACCESO ÁS PRAIAS DO CONTORNO DA PARROQUIA DE MEIRÁS** consiste en executar unha serie de actuacións encamiñadas a:

- Ordenar e mellorar a accesibilidade ós espazos naturais conformados polas praias de Mourillá, Frouxeira, o acceso a Punta Frouxeira, o Portiño e a súa capela.
- Dotar este contorno dunha zona de aparcadoiro disuasorio que favoreza o equilibrio e mellor uso da zona.

- Acondicionar o campo anexo como un espazo de lecer para a práctica de actividades e deportes relacionados coa natureza. Trátase de facilitar o acceso ás

praias e ó contorno impedindo a invasión do dominio público marítimo terrestre por parte dos vehículos e organizando o tránsito peonil nos arredores. Adaptando os accesos de maneira que os visitantes á zona poidan estacionar os seus vehículos nunha zona ordenada e accesible. Tanto o deseño como os materiais utilizados incorporarían criterios de sostibilidade ambiental, optando por deseños integrados no contorno e materiais brandos e reciclables. Todas estas actuacións contribúen a mellorar os servizos das praias, facilitando o acceso aos seus visitantes.

3º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación que se vai subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o **CONCELLO DE VALDOVIÑO CIF P1508800H** para o financiamento das obras do " **PROXECTO DE ACTUACIÓNS DE MELLORA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS E EQUIPAMENTOS DE OCIO EXISTENTES NO ACCESO ÁS PRAIAS DO CONTORNO DA PARROQUIA DE MEIRÁS "**

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de **279.958,55** euros, co que se executa e financia o 80,00 % da actividade por parte da Deputación da Coruña.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/76201 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar a D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 do 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 de 30/07/2015 e pola R.P. 29081 do 23/12/2015 para a sinatura do convenio.

O texto do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VALDOVIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO "PROXECTO DE ACTUACIÓNS DE MELLORA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS E EQUIPAMENTOS DE OCIO EXISTENTES NO ACCESO ÁS PRAIAS DO CONTORNO DA PARROQUIA DE MEIRÁS"

Na Coruña, o ___ de _____ de 201_

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación da Coruña,

E doutra parte D. _____ en representación do **Concello de VALDOVIÑO**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, á deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos dispostos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local. O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de VALDOVIÑO considera de primeira necesidade as actuacións sobre, o **PROXECTO DE ACTUACIÓNS DE MELLORA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS E EQUIPAMENTOS DE OCIO EXISTENTES NO ACCESO ÁS PRAIAS DO CONTORNO DA PARROQUIA DE MEIRÁS** ten os seguintes obxectivos:

- Ordenar e mellorar a accesibilidade ós espazos naturais conformados polas praias de Mourillá, Frouxeira, o acceso a Punta Frouxeira, o Portiño e a súa capela.
- Dotar este contorno dunha zona de aparcadoiro disuasorio que favoreza o equilibrio e mellor uso da zona.
- Acondicionar o campo anexo como un espazo de lecer para a práctica de actividades e deportes relacionados coa natureza. Trátase de facilitar o acceso ás praias e ó contorno impedindo a invasión do dominio público marítimo terrestre por parte dos vehículos e organizando o tránsito peonil nos arredores. Adaptando os accesos de maneira que os visitantes á zona poidan estacionar os seus vehículos nunha zona ordenada e accesible. Tanto o deseño como os materiais utilizados incorporarán criterios de sostibilidade ambiental, optando por deseños integrados no contorno e materiais brandos e reciclables. Todas estas actuacións contribúen a mellorar os servizos das praias, facilitando o acceso aos seus visitantes.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación o concello pretende realizar o **PROXECTO DE ACTUACIÓNS DE MELLORA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS E EQUIPAMENTOS DE OCIO EXISTENTES NO ACCESO ÁS PRAIAS DO CONTORNO DA PARROQUIA DE MEIRÁS**, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da deputación e do Concello de VALDOVIÑO ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente **CONVENIO DE COOPERACIÓN** conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta deputación a prol do Concello de VALDOVIÑO, con CIF P1508800H, fixando as condicións que impón esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras do PROXECTO DE ACTUACIÓNS DE MELLORA EN CAMIÑOS MUNICIPAIS E EQUIPAMENTOS DE OCIO EXISTENTES NO ACCESO ÁS PRAIAS DO CONTORNO DA PARROQUIA DE MEIRÁS, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola arquitecta Victoria Alonso Caeiro.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Este proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

ACTUACIÓNS PREVIAS	15.993,45 €
VÍAS E APARCADOIROS	101.405,37 €
ESPAZO MULTIOCIO	109.525,50 €
SEGURIDADE E SAÚDE	4.571,66 €
XESTIÓN DE RESIDUOS	9.253,90 €
CONTROL DE CALIDADE	2.286,57 €
Orzamento de execución material (PEM)	243.036,45 €
13% de gastos xerais	31.594,74 €
6% de beneficio industrial	14.582,19 €
Orzamento de execución por contrata (PEC=PEM+GG+BI)	289.213,38 €
21% IVE	60.734,81 €
Orzamento de execución por contrata con IVE (PEC=PEM+GG+BI+IVE)	349.948,19 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **279.958,55 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,0000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do

orçamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4321/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para ese ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á deputación, **con anterioridade** á súa aprobación polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos, para a súa supervisión polos servizos técnicos provinciais. Posteriormente, achegarase a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha**

distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas bases 57^a e 58^a das de execución do orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar esta porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, despois de que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de *replanteo* da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e se é o caso, polo funcionario técnico designado pola deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados pola mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben

queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola deputación, se é o caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e a documentación xustificativa indicada na cláusula VI presentada no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaran o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa

exclusiva finalidade disposta neste precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesta data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou se é o caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, se é o caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e cos informes previos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e polo concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

O ALCALDE -PRESIDENTE DO CONCELLO DE
VALDOVIÑO

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

_____ "

31.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2019 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN, POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE MARZO DE 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de marzo de 2019.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de marzo de 2019.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

32.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2019 E PROXECCIÓN A 31/12/2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria ao 31 de marzo de 2019, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2019 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente o Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cómpre, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

33.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 2/2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 2/2019 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe de 27.192.773,86 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	300.000,00
SC. Suplementos de crédito:	26.892.773,86
Total aumentos:	27.192.773,86

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería:	26.892.773,86
Baixas por anulación:	300.000,00
Total financiamento:	27.192.773,86

B) RESUMO POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas	Baixas	Capítulo	Altas
1. Gastos de persoal	363.258,96		1. Impostos directos	0,00
2. Gastos correntes	0,00		2. Impostos indirectos	0,00
3. Gastos financeiros	0,00		3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Trans. Correntes	870.628,43		4. Transferencias correntes	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00		5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Investimentos reais	729.514,90	300.000,00	6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Trans. de capital	25.229.371,57		7. Transferencias de capital	0,00
8. Activos financeiros	0,00		8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	26.892.773,86
9. Pasivos financeiros	0,00		9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	27.192.773,86	300.000,00	TOTAL:	26.892.773,86

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularsen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2019 exceden do límite establecido na regra de gasto no Plan económico-financieiro 2018-2019 deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e

polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio neste mes, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento vén explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

34.-PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR M. G. G. S. CONTRA O ACORDO DO 01/02/2019 POLO QUE SE APROBA CON CARÁCTER DEFINITIVO A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO, O CADRO DE PERSOAL E O ORGANIGRAMA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 17 deputados (13 do PP, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

"Visto o recurso de reposición formulado por dona M. G. G. S., con DNI 32437176T, contra o acordo do Pleno do 01/02/2019 de aprobación definitiva da relación de postos de traballo, e tendo en conta os seguintes

Antecedentes de feito.

O 01/02/2019, a Corporación provincial acordou aprobar definitivamente a relación de postos de traballo, o cadro de persoal e o organigrama 2019. No BOP do 4/02/2019 publícase a relación de postos de traballo e o cadro de persoal.

O 04/03/2019 a interesada presentou no Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos recurso de reposición no que solicita a asignación do grao 4 do subfactor I.A e a modificación do valor punto, co correspondente incremento do complemento específico.

Fundamentos de dereito.

O obxecto do recurso, segundo se obtén do escrito da interesada, non é a aprobación definitiva da relación de postos de traballo do 2019 senón a valoración de postos de

traballo aprobada con carácter definitivo polo Pleno da Corporación no acordo do 28/09/2018. O acto administrativo polo que se aproba a valoración de postos adquiriu firmeza administrativa, polo que non procede voltar a pronunciarse sobre el.

E polo que atinxe o incremento do complemento específico dos postos que cita a recorrente, tal incremento é consecuencia do acordo plenario do 21/11/2018 polo que se crea un factor de especial responsabilidade polo exercicio das funcións de dirección dos seus servizos, como complemento adicional á valoración de postos de traballo aprobado polo Pleno da Corporación o 28/09/2018, polo que non supón incremento no valor punto alegado pola recorrente.

Por todo iso, **ACÓRDASE** desestimar o recurso de reposición formulado por dona M. G. G. S. contra o acordo de aprobación definitiva da relación de postos de traballo 2019.

O presente acordo é susceptible de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción deste escrito, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, conforme ao disposto no artigo 46.1, en relación co 8.1, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición; sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

35.-PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS DE GALICIA CONTRA O ACORDO DO 01/02/2019 POLO QUE SE APROBA CON CARÁCTER DEFINITIVO A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, O CADRO DE PERSOAL E O ORGANIGRAMA.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 17 deputados (13 do PP, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

"Visto o recurso de reposición formulado por don Enrique Urcola Fernández-Miranda, con DNI 15864347M, que intervén representando o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia, contra o acordo do Pleno do 01/02/2019 de aprobación definitiva da relación de postos de traballo, e tendo en conta os seguintes

Antecedentes de feito.

O 01/02/2019, a Corporación provincial acordou aprobar definitivamente a relación de postos de traballo, o cadro de persoal e o organigrama 2019. No BOP do 04/02/2019 publícase a relación de postos de traballo e o cadro de persoal.

O 01/03/2019 o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos interpuxo recurso de reposición contra o referido acordo, no que se solicita que se acorde que a titulación necesaria e única para o acceso ao posto 1.1.39.1 Xefatura de Servizo de Vías e Obras sexa a de Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

Fundamentos de dereito.

As funcións que cita o alegante e que se inclúen no catálogo aprobado polo acordo plenario do 28/09/2018 van referidas á totalidade dos postos de xefatura de servizo da organización provincial, polo que as mencións aos proxectos debe interpretarse nun sentido amplo, mais alá do que supón a elaboración e execución dos proxectos técnicos que haberá de facerse respectando, como non podía ser doutro xeito, a legalidade vixente. Como xa se indicou por este mesmo órgano plenario na sesión celebrada o día 01/02/2019 ao desestimar as alegacións do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia, “cómpre salientar que as funcións do posto de Xefe de Servizo van máis aló das cuestións puramente técnicas mais propias dos postos de enxeñeiro que existen no Servizo de Vías e Obras, polo que se considera máis axeitado ás necesidades organizativas da administración provincial a configuración actual, en liña co principio de liberdade con idoneidade que rexe na materia da elaboración das relación de postos de traballo, segundo a doutrina do Tribunal Supremo, polo que se rexeitan as alegacións”.

Visto o disposto no artigo 123 e concordantes da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa de aplicación.

ACÓRDASE desestimar o recurso de reposición formulado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia contra o acordo do 01/02/2019 de aprobación definitiva da relación de postos de traballo 2019.

O presente acordo é susceptible de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción deste escrito, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, conforme ao disposto no artigo 46.1, en relación co 8.1, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición; sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

36.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2019 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

- 1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das unidades tramitadoras.
- 2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
- 3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda."

37.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE NOIA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aceptar a delegación das seguintes competencias, acordada polo Concello de Noia:

1. Instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.
2. Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
3. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral, tanto o suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases e terá efectos desde o día seguinte ao da publicación do acordo de aceptación da dita delegación pola Deputación Provincial da Coruña no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, segundo consta na base undécima."

38.-RECTIFICACIÓN DO ERRO MATERIAL DETECTADO NO TEXTO DO CONVENIO APROBADO POLO PLENO DO 29 DE MARZO DE 2019 RELATIVO Á APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Advertido erro material no acordo plenario do día 29 de marzo de 2019, aprobar a súa emenda quedando co seguinte teor literal:

1º) No marco do convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Deputación Provincial da Coruña de colaboración en materia de xestión catastral que se subscriba, aceptar en réxime de encomenda de xestión:

- Exercer as funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica relativas a bens inmobles rústicos e urbanos que se formalicen nos modelos aprobados por orde ministerial, sempre que a transmisión de dominio non se formalizou en escritura pública ou solicitado a súa inscrición no Rexistro da Propiedade ou, formalizada a escritura ou solicitada a inscrición, non se lle deu cumprimento á obrigaón establecida no artigo 38 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, así como a tramitación dos expedientes de solicitudes de baixa, previstos no artigo 15 do mencionado texto legal.

- Exercer as funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde física e económica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, que se formalicen nos modelos aprobados por orde ministerial e a tramitación dos cambios de titularidade asociados a estas alteracións que se presenten mediante a correspondente declaración.

- Realizar actuacións de colaboración na actualización das descrições catastrais dos inmobles orixinadas polos feitos, actos, negocios e demais circunstancias susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario, a condición de que estes inmobles estean integramente situados nos municipios incluídos no ámbito territorial do convenio.

2º) Facultar ao Sr. Presidente da Deputación para a execución do acordo anterior.

3º) Aprobar esta proposta de convenio, que será remitida ao Catastro para a súa tramitación.

"PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL

En Madrid e A Coruña, o..... de..... do ano dous mil

Dunha parte:.

D. Fernando de Aragón Amunárriz

Director xeral do Catastro, en virtude do Real decreto 752/2016, do 30 de decembro (BOE nº 316, do 31 de decembro) en exercicio das competencias que ten delegadas por Resolución da Secretaría de Estado de Facenda do 14 de xuño de 2012 (BOE nº 148, do 21 de xuño).

Doutra parte:

D. Valentín González Formoso

Presidente da Deputación Provincial da Coruña, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado por Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, establece no seu artigo 4 que a formación e mantemento do Catastro Inmobiliario e a difusión da información catastral é de competencia exclusiva do Estado e que estas funcións exerceraas a Dirección Xeral do Catastro, directamente ou a través das distintas fórmulas de colaboración que se establezan coas diferentes administracións, entidades e corporacións públicas.

Pola súa banda, a Dirección Xeral do Catastro exercerá as funcións relativas á formación, mantemento, valoración e demais actuacións inherentes ao Catastro Inmobiliario, de conformidade co Real decreto 1113/2018, do 7 de setembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Facenda.

SEGUNDO. O Real decreto 417/2006, do 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, regula, entre outras cuestións, a colaboración na xestión do Catastro entre a Administración do Estado e outras administracións, entidades e corporacións públicas, fixando o marco ao que deben suxeitarse os convenios que, sobre esta materia, subscribíanse, sen prexuízo da aplicación das prescricións da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e de a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

TERCEIRO. A Deputación Provincial da Coruña, o día, solicitoulle a través da Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, á Dirección Xeral do Catastro, a formalización do presente convenio de colaboración, en substitución do convenio suscrito o 24 de marzo de 2003, actualmente vixente, que se extingue coa sinatura do presente convenio.

CUARTO. O Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Coruña, en sesión celebrada o, informou favorablemente a subscripción do presente convenio, en virtude do establecido no artigo 63.2 do Real decreto 417/2006.

En consecuencia, as Administracións intervenientes proceden á formalización do presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO.

É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Dirección Xeral do Catastro, a través da Xerencia Rexional do Catastro de Galicia (en diante Xerencia), e a Deputación Provincial da Coruña (en diante Deputación), para o exercicio das funcións de xestión catastral cuxo contido e réxime xurídico figuran especificados nas

cláusulas seguintes, sen prexuízo da titularidade das competencias que, na materia obxecto do convenio, correspóndenlle á Dirección Xeral do Catastro.

SEGUNDA. TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE ALTERACIÓNS DE DOMINIO.

1.- En réxime de encomenda de xestión, atribúeselle á Deputación a tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica relativas a bens inmobles rústicos e urbanos que se formalicen nos modelos aprobados por orde ministerial, sempre que a transmisión de dominio non se formalizara en escritura pública ou solicitara a súa inscrición no Rexistro da Propiedade ou, formalizada a escritura ou solicitada a inscrición, non se deu cumprimento á obrigación establecida no artigo 38 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

Tamén será obxecto desta encomenda a tramitación dos expedientes de solicitudes de baixa, previstos no artigo 15 do mencionado texto legal.

2.- Esta colaboración comprenderá as seguintes actuacións:

- a) Recepción da declaración, rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e asistencia ao contribuínte ao cubrir as declaracións de alteracións catastrais concernentes a bens inmobles urbanos e rústicos, salvo naqueles supostos en que se cumpriron as formalidades establecidas no artigo 14 a) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, nese caso a Deputación deberá advertirlle ao interesado de que non ten obrigación de presentar a declaración.
- b) Recepción da solicitude de baixa, rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e asistencia ao contribuínte ao cubrir estas solicitudes formuladas a instancia dos propios interesados, concernentes a bens inmobles urbanos e rústicos.
- c) Formalización dos requirimentos e audiencias a que houber lugar para o cumprimento das funcións encomendadas. A Deputación informará a Xerencia a través da súa gravación no Mapa de Xestión previsto na cláusula cuarta, en relación cos requirimentos non atendidos, co fin de que, no seu caso, a mencionada Xerencia desenvolva as actuacións que estime oportunas.
- d) Gravación das modificacións dos datos xurídicos na base de datos catastral. A Deputación realizará a gravación de toda a información relativa aos expedientes de alteracións de orde xurídica tramitados, para os efectos da súa incorporación á base de datos alfanumérica catastral. Para ese efecto, terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro, que disporá das seguintes funcionalidades: rexistro de expedientes, gravación dos datos xurídicos derivados dos expedientes e seguimento das actualizacións das bases de datos realizadas pola Xerencia. En todo caso, observaranse as instrucións, circulares, especificacións e criterios técnicos e de seguridade que sexan ditados pola Dirección Xeral do Catastro para garantir a incorporación, a calidade e a homoxeneidade dos traballos para a tramitación dos expedientes catastrais obxecto do presente apartado, así como os manuais operativos correspondentes.
- e) Colaboración na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente convenio.
- f) A Deputación dixitalizará e incorporará nos sistemas de información catastral, con carácter previo á tramitación da correspondente declaración ou solicitude, toda a documentación que integre os expedientes obxecto desta cláusula, atendendo ás Normas de Dixitalización de Documentos e ás ferramentas

informáticas definidas pola Dirección Xeral do Catastro conforme o Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

Para posibilitar o acceso telemático aos sistemas informáticos citados, a entidade colaboradora deberá comunicarlle á Dirección Xeral do Catastro os usuarios, software e equipos informáticos que esta utilizarán, todo iso adaptado ás instrucións desta Dirección Xeral.

En todo caso, deberá cumprir as medidas de seguridade establecidas no Documento de Seguridade de SIGECA aprobado por Resolución da Dirección Xeral do Catastro do 23 de xuño de 2000 (BOE do 27 de setembro de 2000) ou as medidas técnicas e organizativas que se aproben no seu desenvolvemento ou substitución.

- g) Actuacións de información e asistencia ao contribuínte en relación coas materias referidas nos apartados anteriores.

TERCEIRA. TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE ALTERACIÓNS DE ORDE FÍSICA E ECONÓMICA.

1.- En réxime de encomenda de xestión, atribúense á Deputación as funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde física e económica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, que se formalicen nos Modelos aprobados por orde ministerial. Así mesmo, asumirá a tramitación dos cambios de titularidade asociados a estas alteracións que se presenten mediante a correspondente declaración.

2.- Esta colaboración comprenderá as seguintes actuacións:

- a) Recepción da declaración, rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e asistencia ao contribuínte ao cubrir as declaracións de alteracións catastrais obxecto do presente convenio.
- b) Comprobación da documentación presentada relativa a datos físicos, xurídicos ou económicos dos bens inmobles declarados, con realización, no seu caso, dos oportunos traballos de campo.
- c) Formalización dos requirimentos e audiencias a que houber lugar para o cumprimento das funcións asumidas no presente convenio. A Deputación informará á Xerencia a través da súa gravación no Mapa de Xestión previsto na cláusula cuarta, en relación c os requirimentos non atendidos, co fin de que, no seu caso, a mencionada Xerencia desenvolva as actuacións que estime oportunas.
- d) Gravación das modificacións dos datos físicos, xurídicos e económicos na base de datos catastral. A Deputación realizará a gravación de toda a información relativa aos expedientes de alteracións de orde física e económica tramitados, para os efectos da súa incorporación á base de datos alfanumérica catastral. Para ese efecto, terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro, que disporá das seguintes funcionalidades: rexistro de expedientes, gravación dos datos físicos, xurídicos e económicos derivados dos expedientes, validación da información, valoración provisional dos inmobles para que a Xerencia poida efectuar a valoración definitiva destes, tanto no caso de novas incorporacións (altas) como de modificacións nos xa existentes

(reformas, segregacións, divisións, agrupacións e agregacións) e seguimento das actualizacións das bases de datos realizadas pola Xerencia.

e) Colaboración na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente convenio.

f) A Deputación dixitalizará e incorporará nos sistemas de información catastral, con carácter previo á tramitación da correspondente declaración, toda a documentación que integre os expedientes obxecto desta cláusula, atendendo ás Normas de Dixitalización de Documentos e ás ferramentas informáticas definidas pola Dirección Xeral do Catastro conforme ao Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

A actualización cartográfica relativa aos expedientes tramitados, para os efectos da súa incorporación na base de datos gráfica catastral, realizarase mediante o mantemento en liña da cartografía catastral dixitalizada co fin de asegurar a identidade xeométrica. Para iso, a entidade colaboradora terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e disporá das funcionalidades de consulta e edición necesarias para o mantemento das parcelas ou locais que sufran modificacións. Cando existan construcións, editaranse e incorporarán, ademais, os planos de distribución de cada unha das plantas significativas, acoutados e dixitalizados segundo as especificacións dos formatos FXCC vixentes ditados pola Dirección Xeral do Catastro, así como a fotografía dixital da fachada.

Para posibilitar o acceso telemático aos sistemas informáticos citados, a entidade colaboradora deberá comunicarlle á Dirección Xeral do Catastro os usuarios, software e equipos informáticos que utilizarán, todo iso adaptado ás instrucións da citada Dirección Xeral.

En todo caso, observaranse as instrucións, circulares, especificacións e criterios técnicos e de seguridade que sexan ditados pola Dirección Xeral do Catastro para garantir a incorporación, a calidade e a homoxeneidade dos traballos para a tramitación dos expedientes catastrais de incorporación de bens inmobles ou de alteración das súas características, así como os manuais operativos correspondentes.

g) As actuacións de información e asistencia ao contribuínte en relación coas anteriores materias.

CUARTA. COLABORACIÓN EN ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO..

1. En réxime de encomenda de xestión, a Deputación poderá realizar actuacións de colaboración na actualización das descricións catastrais dos inmobles orixinadas polos feitos, actos, negocios e demais circunstancias susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario, coa condición de que estes inmobles estean integramente situados nos municipios incluídos no ámbito territorial do convenio.

Esta colaboración, que non terá carácter de exclusividade, realizarase no marco dos plans de mantemento, regularización e inspección que leve a cabo a Dirección Xeral do Catastro.

Os criterios de planificación de municipios e actuacións, métodos de detección de incidencias, sistemas de captura de documentación, medición e gravación de datos, formatos para a súa remisión, así como o control de calidade realizaranse de conformidade cos criterios ditados por a Dirección Xeral do Catastro.

A base para levar a cabo as actuacións de colaboración previstas na presente cláusula será o Mapa de Xestión, como ferramenta de xestión das necesidades de actualización das descrições catastrais dos inmobles, e da súa visualización sobre o parcelario catastral.

Este Mapa poñerase ao dispor da Deputación no marco dos sistemas de información catastrais, de maneira que reflecta, de forma permanentemente actualizada, as incidencias detectadas e a información sobre as distintas fases das actuacións que se desenvolvan sobre estas.

2. Esta colaboración comprenderá as seguintes actuacións:

- a) Detección dos feitos, actos, negocios e demais circunstancias relativas aos bens inmobles susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario.
- b) Incorporación das discrepancias detectadas entre a descripción catastral dos inmobles e a realidade no Mapa de Xestión.
- c) Actuacións de obtención de información e documentación que deban levar a efecto en relación con as incidencias reflectidas no mapa.
- d) Remisión á Xerencia da información e documentación obtida sobre as discrepancias detectadas entre as descrições catastrais e a realidade, sexa cal for a súa orixe, c o obxecto da depuración do Mapa de Xestión..
Esta remisión realizarase, por medios telemáticos, nos termos e condicións fixados pola Dirección Xeral do Catastro, que permitirá a identificación inequívoca dos inmobles e as parcelas e a súa localización na cartografía catastral.
- e) Colaboración no tratamento da información resultante dos apartados anteriores.
- f) Colaboración, para efectos da súa incorporación ao Catastro, no tratamento da información fornecida polos notarios, rexistradores da propiedade e outras administracións e entidades públicas, reflectida n o Mapa de Xestión, n os termos e condicións fixados pola Dirección Xeral do Catastro.
- g) Preparación dos borradores de declaración e dos requirimentos previos aos interesados para que estes confirmen estes borradores, ou ben comparezan nas oficinas da entidade colaboradora ou acheguen cantos datos, informes ou antecedentes con transcendencia catastral resulten necesarios, naqueles casos nos que se considere que a información e documentación dispoñible é insuficiente. Todo iso de acordo cos termos e condicións fixados pola Dirección Xeral do Catastro. A Deputación informará á Xerencia sobre os requirimentos non atendidos e os borradores non confirmados, para que, no seu caso, esta desenvolva as actuacións que se estimen oportunas.
- h) Tramitación das comunicacións de concellos e entidades xestoras do imposto sobre bens inmobles establecidas no artigo 14 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, nos termos e condicións establecidos pola Dirección Xeral do Catastro.
- i) Gravación na base de datos catastral dos datos obtidos por calquera das actuacións anteriores. Para ese efecto, a Deputación terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro, coas funcionalidades que resulten necesarias para a súa actuación, debéndose observar as instrucións de identificación e autenticación do Sistema de Información da Dirección Xeral do Catastro.

A Deputación dixitalizará e incorporará nos sistemas de información catastral toda a documentación que integre os expedientes obxecto desta cláusula, atendendo ás Normas de Dixitalización de Documentos e ás ferramentas

informáticas definidas pola Dirección Xeral do Catastro conforme ao Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

A actualización cartográfica, para os efectos da súa incorporación na base de datos gráfica catastral, realizarase mediante o mantemento da cartografía catastral dixitalizada co fin de asegurar a identidade xeométrica. Para iso, a entidade colaboradora terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e disporá das funcionalidades de consulta e edición necesarias para o mantemento das parcelas ou locais que sufran modificacións. Cando existan construcións, editaranse e incorporarán, ademais, os planos de distribución de cada unha das plantas significativas, acoutados e dixitalizados segundo as especificacións dos formatos FXCC vixentes ditados pola Dirección Xeral do Catastro, así como a fotografía dixital da fachada.

Para posibilitar o acceso telemático aos sistemas informáticos citados, a entidade colaboradora deberá comunicarlle á Dirección Xeral do Catastro os usuarios, software e equipos informáticos que utilizarán, todo iso adaptado ás instrucións da citada Dirección Xeral.

En todo caso, observaranse as instrucións, circulares, especificacións e criterios técnicos e de seguridade que sexan ditados pola Dirección Xeral do Catastro para garantir a incorporación, a calidade e a homoxeneidade dos traballos para a tramitación dos expedientes catastrais de incorporación de bens inmoables ou de alteración das súas características, así como os manuais operativos correspondentes.

- j) Emisión de informes técnicos referidos ás alegacións que se presenten ás propostas de regularización da descrición catastral en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente convenio, así como achega da información adicional que fose necesaria.
- k) Colaboración na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente convenio nos termos establecidos no apartado anterior.
- l) Colaboración na investigación da titularidade catastral de inmoables incluídos integramente no ámbito de aplicación do presente convenio, sempre que para iso sexa requirido pola Xerencia.

3. A Deputación deberá comunicarlle á Xerencia calquera incidencia, para que, no seu caso, esta desenvolva as actuacións que estime oportunas para garantir o cumprimento de todos os trámites do procedemento nos prazos previstos na lexislación vixente.

4. A Comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio remitiralle anualmente á Xerencia unha proposta de planificación de actuacións a realizar nos municipios incluídos no ámbito territorial do convenio, para garantir a súa compatibilidade cos Plans de regularización e Inspección Catastral da Dirección Xeral do Catastro.

No seu caso, esta proposta detallará outras actuacións previas e complementarias á colaboración no mantemento, que deban realizarse para garantir o seu adecuado desenvolvemento, tales como:

- Corrección de erros derivados das discrepancias entre base de datos gráfica e alfanumérica.
- Corrección de rueiros e números de policía.
- Asignación de rúas a inmoables cunha soa dirección do predio.

- Achega de información para a determinación correcta de titulares en investigación.
- Calquera outra de similar natureza que se estimen conveniente.

QUINTA. ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO E COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN CATASTRAL.

Sempre que para iso sexa requirido pola Dirección Xeral do Catastro, a Deputación comprométese á posta a dispor dos medios necesarios para levar a cabo a atención ao público como consecuencia da tramitación de procedementos que puidesen realizarse nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do presente convenio, cando afecten a un significativo número de inmobles deste.

Así mesmo, a Deputación asume a atención, presencial ou telefónica, do público que se dirixa a ela co fin de solicitar acceso á información xeral sobre os procedementos catastrais, tipo de actuacións, prazos, efectos e calquera outro extremo relacionado co mantemento catastral.

Esta colaboración desenvolverase en réxime de encomenda de xestión, baixo a dirección do persoal da Xerencia responsable.

A Deputación comprométese a solicitar o establecemento e xestionar Puntos de Información Catastral (PIC) en todos ou parte dos municipios aos que o presente convenio lles sexa de aplicación, a condición de que a Deputación teña nestes municipios unha oficina de atención ao público, e non exista ningún PIC xestionado polo respectivo concello.

O réxime de funcionamento e prestación de servizos destes PIC será o establecido pola Dirección Xeral do Catastro.

A Deputación comprométese á recepción e rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro, de alegacións, solicitudes e recursos en materia catastral, alleos ao presente convenio.

SEXTA. COLABORACIÓN NA NOTIFICACIÓN.

1. A Deputación comprométese polo presente convenio á notificación postal aos interesados dos borradores de declaración, requirimentos, audiencias e acordos de alteración catastral adoptados pola Xerencia, resultantes da aplicación das cláusulas segunda, terceira e cuarta anteriores, nos termos establecidos no artigo 17 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, acolléndose ao sistema de repartición “correos SiCER”.

2. Así mesmo, a Deputación comprométese polo presente convenio á colaboración no cen por cento de todas as actuacións de notificación postal derivadas dos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral ou parcial, de conformidade co previsto no artigo 29 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e nos artigos 110 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, de aplicación supletoria na notificación de valores catastrais, acolléndose ao sistema de repartición “Correos SiCER”.

O sistema de colaboración previsto nos apartados 1 e 2 anteriores non se aplicará á repartición das comunicacións de clave concertada, que será efectuado pola Dirección Xeral do Catastro.

A Xerencia asumirá, en todo momento, a dirección e o control de todo o proceso de distribución e frecuencia de entrega das notificacións derivadas de procedementos de valoración colectiva de carácter xeral ou parcial.

SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.

Para o desenvolvemento de todos ou algún dos traballos previstos nas cláusulas segunda, terceira, cuarta e quinta do presente convenio, a Deputación poderá optar, alternativamente, por solicitar o apoio da Dirección Xeral do Catastro, asumindo a Deputación o seu financiamento directamente ou ben realízalos polos seus propios medios.

OITAVA. CARTA DE SERVIZOS DO CATASTRO.

A Deputación adoptará as medidas que considere necesarias para a correcta realización das funcións de xestión catastral, cuxo contido e réxime xurídico figuran especificados no presente convenio, de acordo cos compromisos de calidade contidos na carta de servizos do Catastro. En especial, deberá establecer un servizo de recepción e atención das queixas e suxestións que puidesen presentar os cidadáns perante a Deputación con motivo dos compromisos asumidos no presente convenio, debendo dar traslado destas á Xerencia para efectos informativos.

Así mesmo, a Deputación adecuará as súas actuacións, en aplicación do previsto no convenio, ás distintas cartas de servizos do Catastro que puidesen ser aprobadas polo Ministerio de Facenda durante a súa vixencia.

NOVENA. PLAN DE OBXECTIVOS E DE ACTUACIÓNS DO CATASTRO.

En virtude do establecido no artigo 64.5 do Real decreto 417/2006, a actuación da Deputación axustarase á programación do Plan de obxectivos e de actuacións da Dirección Xeral do Catastro.

DÉCIMA. ACTUACIÓNS FORMATIVAS.

A Xerencia comprométese a realizar aquelas actuacións formativas que, no marco da comisión de seguimento, vixilancia e control, considérense necesarias para que a Deputación poida desempeñar as funcións previstas no presente convenio.

En todo caso, a Xerencia comprométese a realizar todas as actuacións formativas necesarias para o adecuado desenvolvemento das actividades en materia de información e atención ao público previstas na cláusula quinta do presente convenio.

Así mesmo, con carácter anual levaranse a cabo unhas xornadas de actualización normativa e unificación de criterios destinadas ao persoal funcionario ou empregadas e empregados públicos da Deputación responsables da xestión do convenio.

UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A Deputación, no exercicio das funcións previstas no presente convenio, adecuará as súas actuacións ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección

de datos), así como a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ao Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, ao texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e ao Real decreto 417/2006.

A Deputación terá a consideración de “encargado do tratamento” e o acceso á información catastral de carácter persoal necesaria para a prestación dos servizos obxecto deste convenio non suporá “comunicación de datos”, para efectos do disposto na citada Lei orgánica 15/1999.

O tratamento da referida información será realizado unicamente por persoal da Deputación debidamente autorizado por esta, sen prexuízo da posibilidade de contratación dos traballos obxecto do convenio con empresas especializadas. Neste caso, a Deputación fará constar expresamente no contrato suscrito para estes efectos que a empresa contratista debe axustarse ao mesmo réxime de garantías e esixencia de responsabilidade que a propia entidade colaboradora encargada do tratamento dos datos e ao disposto na disposición adicional vixésima quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, a Deputación asume as seguintes obrigacións:

- a) A Deputación deberá poñer en coñecemento da Xerencia a identidade da empresa contratista adxudicataria dos traballos e dos seus empregados que vaian ter acceso aos datos catastrais protexidos, para efectos da súa autorización previa.
- b) No tratamento dos datos, a Deputación actuará conforme as instrucións da Xerencia, responsable do ficheiro.
- c) A Deputación adoptará todas aquelas medidas de índole técnica e organizativa que resulten necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
- d) A Deputación non aplicará nin utilizará os datos de carácter persoal con fins distintos aos que figuran neste convenio, nin os comunicará, nin sequer para a súa conservación, a outras persoas.
- e) A Deputación está obrigada a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal tratados, aínda despois da extinción do presente convenio.
- f) A resolución do Convenio por algunha das partes a que se refire o Real decreto 417/2006, suporá a devolución á Xerencia de todos os documentos ou soportes informáticos en que puidese constar algún dato de carácter persoal, no prazo de 15 días desde que resulte efectiva a denuncia do convenio.
- g) No caso de que a Deputación destine os datos a outra finalidade, comuníqueos ou os utilice incumprindo as estipulacións deste convenio ou as obrigacións establecidas no Real decreto 417/2006, será considerado tamén responsable do tratamento, respondendo as infraccións en que incorrese persoalmente.

DUODÉCIMA. ACTUACIÓNS DE PROCEDIMENTO..

1. A Deputación aterase, no exercicio das funcións convidadas, ás normas técnicas que puidese impartir a Dirección Xeral do Catastro.

En todo caso, cando a Deputación decida contratar con algunha empresa especializada as actuacións derivadas do presente convenio, deberá utilizar os pregos de prescricións técnicas que, para os distintos traballos catastrais, teña establecidos a Dirección Xeral do Catastro, e levar a cabo controis periódicos dos traballos realizados por estas empresas para garantir un adecuado control de calidade. A omisión destes controis poderá supor o rexeitamento dos traballos que se pretendan entregar na Xerencia en execución deste convenio.

2. A Deputación poderá utilizar os seus propios impresos para a formalización das declaracións catastrais, sempre que estes se axusten ás condicións, estrutura e contido dos modelos aprobados na correspondente Orde do Ministerio de Facenda, cuxa utilización requirirá autorización expresa da Delegación de Economía e Facenda.

3. A Xerencia poñerá ao dispor da Deputación, a través do seu rexistro nas aplicacións catastrais todas as declaracións correspondentes a alteracións catastrais obxecto do presente convenio que reciba, así como a documentación dixitalizada que as acompañe.

4. Con independencia do uso preferente da Sede Electrónica do Catastro, a Xerencia remitiralle gratuitamente á Deputación, cando así o solicite e como máximo cunha periodicidade anual, a información catastral urbana dos municipios incluídos no ámbito de aplicación do presente convenio nos formatos deseñados para o efecto pola Dirección Xeral do Catastro, que deberá ser utilizada para os fins do presente convenio, sen prexuízo da súa utilización, así mesmo, para o exercicio das súas competencias.

5. A Deputación remitiralle á Xerencia no prazo de 10 días todas as declaracións ou documentos que se refiran a outros tipos de alteracións non contemplados no obxecto do presente convenio e que se presenten nas súas oficinas.

6. A comisión de seguimento, vixilancia e control dará previamente a súa conformidade aos impresos que a Deputación utilice nos requirimentos ou notificacións relativos ás funcións pactadas neste documento, nos que deberá facerse referencia expresa ao convenio en virtude do cal se exercen as indicadas funcións.

7. Tanto a Deputación como a Dirección Xeral do Catastro adoptarán cantas medidas estimen oportunas, encamiñadas a poñer en coñecemento do público o contido do presente convenio evitando en todo caso duplicidade de actuacións ou trámites innecesarios.

8. En relación coas materias obxecto do presente convenio, a Dirección Xeral do Catastro e a Deputación estarán reciprocamente obrigados a admitir e remitir ao órgano competente cantos documentos presenten os administrados.

9. O intercambio de información derivado do exercicio das facultades encomendadas neste convenio realizarase utilizando medios electrónicos, a través dos mecanismos que estableza a Dirección Xeral do Catastro, que garantirán a autenticidade, integridade, confidencialidade e non repudio dos envíos. En todo caso, a información recibida pola Xerencia será obxecto do oportuno control de validación, especialmente naqueles que impliquen unha modificación da valoración catastral.

Igualmente, a mutua remisión entre a Deputación e a Xerencia de documentación que integre os expedientes obxecto deste Convenio realizarase en formato electrónico, atendendo ás Normas de dixitalización de documentos e ás ferramentas informáticas definidas pola Dirección Xeral do Catastro conforme o Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

No caso de que Dirección Xeral do Catastro modifique os formatos de intercambio de información ou as Normas de Dixitalización de Documentos, establecerase un período transitorio para que a entidade colaboradora poida adaptarse a estes novos formatos, co informe previo da Comisión Técnica de

Cooperación Catastral, órgano colexiado de natureza administrativa dependente do citado centro directivo.

DÉCIMO TERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO.

1. O presente convenio subscríbese ao amparo do establecido no artigo 4 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, así como nos artigos 62 e seguintes do Real decreto 417/2006, polo que se desenvolve este texto legal e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. O presente convenio, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, réxese, en todo o non disposto nel, polos principios derivados desta lei, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan exporse, así como as demais disposicións que resulten de aplicación.

Para resolver os litixios que puidesen xurdir sobre a súa interpretación, cumprimento, extinción, resolución e efectos serán competentes os Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

3. A realización das funcións obxecto do convenio non implica a transferencia de medios materiais e persoais, nin comportará contraprestación económica ningunha por parte da Dirección Xeral do Catastro á Deputación, segundo establece o artigo 64.2 do Real decreto 417/2006 e a disposición adicional décima da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, por canto permiten mellorar a recadación tributaria das entidades locais que os subscriben.

Sen prexuízo das facultades de organización dos seus propios servizos, a Deputación deberá exercer estas funcións con estrito cumprimento dos aspectos expostos neste documento.

DÉCIMO CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO, VIXILANCIA E CONTROL.

1. Constituirase unha comisión de seguimento, vixilancia e control que, formada por tres membros de cada parte, será presidida polo Xerente ou o funcionario en quen delegue. Con independencia das funcións concretas que lle asignen as demais cláusulas deste convenio, resolverá as cuestións que se expoñan canto á súa interpretación e cumprimento, de conformidade co establecido no Real decreto 417/2006, todo iso sen prexuízo da facultade da Dirección Xeral do Catastro de levar a cabo as actuacións de comprobación que se estimen oportunas respecto do exercicio das facultades encomendadas. Así mesmo poderá determinar a relación de expedientes e tarefas propias do presente convenio que vaian ser asumidos puntual e transitoriamente pola Xerencia, sempre que as circunstancias o aconsellen.

Especialmente, deberá emitir informe previo sobre as condicións da contratación que poida realizar a Deputación con algunha empresa especializada, de conformidade co sinalado no apartado 1 da cláusula duodécima. Igualmente, informará as distintas ofertas recibidas por aquel, con anterioridade á adxudicación do contrato.

2. A comisión de seguimento, vixilancia e control deberá constituírse formalmente

nun prazo máximo dun mes desde a formalización do presente convenio. Esta comisión celebrará cantas sesións extraordinarias sexan necesarias para o cumprimento dos seus fins, logo da convocatoria para o efecto do seu presidente, por propia iniciativa ou tendo en conta as peticións dos demais membros. En todo caso, esta comisión reunirse ordinariamente unha vez ao ano, co fin de verificar e comprobar o resultado das obrigacións contraídas e de establecer as directrices e instrucións que considere oportunas.

Esta comisión axustará a súa actuación ás disposicións contidas na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO QUINTA. INCLUSIÓN E EXCLUSIÓN DE MUNICIPIOS..

Este convenio será de aplicación aos municipios que se relacionan no anexo I. Para aqueles municipios que con anterioridade á entrada en vigor do presente convenio tivesen subscrito coa Dirección Xeral do Catastro un convenio de colaboración cuxo obxecto principal fose algunha das funcións encomendadas no Convenio que agora se formaliza, continuará vixente o convenio entre o respectivo concello e a Dirección Xeral do Catastro e en consecuencia a Deputación só asumirá o exercicio das funcións que non sexan obxecto do convenio subscrito entre este centro directivo e o concello.

Co fin de proceder á actualización automática dos municipios incluídos ou excluídos do ámbito de aplicación do presente convenio, en función de que a xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles se atope delegada ou non na Deputación, e de que os Concellos delegantes houberen ou non facultado ao ente provincial para formalizar un convenio de colaboración en materia de xestión catastral, determínase o seguinte procedemento:

a) Unha vez que o Concello correspondente adopta o acordo plenario de delegación da xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da deputación, esta procederá á aceptación da delegación conferida mediante acordo plenario nese sentido, notificándose este último, para o seu coñecemento, á Xerencia a través de copia certificada. Transcorrido un mes desde a notificación da aceptación da delegación, e facultado o ente provincial para a formalización dun convenio de colaboración en materia de xestión catastral coa Administración Xeral do Estado, entenderase que o municipio delegante se atopa incluído no ámbito de aplicación do presente convenio.

Os Concellos que teñan delegada a xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación provincial poderán facultar en calquera momento ao ente provincial para a formalización do convenio de colaboración en materia de xestión catastral coa Administración Xeral do Estado. Esta circunstancia será posta en coñecemento da Xerencia e, transcorrido un mes desde a súa notificación, entenderase que o municipio se atopa incluído no ámbito de aplicación do presente convenio.

b) Cando se produza a denuncia do acordo de delegación da xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles, ben polo concello delegante, ben pola deputación, remitirase copia certificada do correspondente acordo plenario á Xerencia, entendéndose que, no prazo dun mes, ese municipio quedará excluído do ámbito de aplicación deste convenio.

Neste caso, os expedientes pendentes de tramitación na data en que deba entenderse producida a exclusión a que se refire o parágrafo anterior continuarán sendo competencia da Deputación ata a súa completa resolución. Por outra banda, os documentos que teñan entrada a partir desta data serán remitidos sen máis trámite á Xerencia.

c) Non obstante o disposto nos apartados anteriores, as partes que subscriben o presente convenio poderán determinar, de mutuo acordo, os supostos nos que, de forma excepcional, non se aplicará o procedemento de actualización automática.

Este acordo deberá adoptarse de forma expresa no prazo dun mes establecido nos apartados a) e b) desta cláusula.

En calquera caso, se con posterioridade á firma deste convenio algún concello incluído no ámbito territorial de aplicación deste subscribe un convenio de colaboración directamente con este centro directivo, a deputación seguirá asumindo o exercicio das funcións que non sexan obxecto dese convenio posterior, se as houbera.

DÉCIMO SEXTA. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA..

1. O presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 66 do Real decreto 417/2006, obrigará as partes desde o momento da súa firma e estende a súa vixencia inicial ata o de de, prorrogándose tacitamente por sucesivos períodos anuais, mentres non sexa denunciado. O presente convenio substitúe ao anterior convenio suscrito o 24 de marzo de 2003, que queda resolto.

2. O cumprimento dos obxectivos contractuais establecidos no presente convenio poderá suspenderse, unha vez que sexa eficaz e dentro do prazo de vixencia, total ou parcialmente e de mutuo acordo, por un período non superior a tres meses. O transcurso deste prazo sen que se produza o seu funcionamento, causará a súa resolución automática.

O convenio poderá suspenderse, así mesmo, total ou parcialmente e de mutuo acordo, por un prazo non superior a un ano, cando concorran circunstancias técnicas, orzamentarias ou de calquera outra índole que así o xustifiquen, segundo establece o artigo 66 do Real decreto 417/2006.

3. A denuncia do convenio, segundo establece o artigo 67 do Real decreto 417/2006, poderá formulala calquera das partes, logo da comunicación á outra cunha antelación mínima dun mes, transcorrido o cal se producirá a extinción da relación convencional. No entanto, no caso de que a outra parte manifestase a súa oposición á denuncia, abrirase un período de consultas durante vinte días naturais no que a comisión de seguimento, vixilancia e control procurará o acordo entre as partes. De non producirse este acordo, quedará extinguido o convenio unha vez transcorrido o período de consultas.

4. En caso de producirse a extinción anticipada do convenio, os expedientes en tramitación serán resoltos pola Deputación, salvo que a Xerencia estime conveniente facerse cargo de todos os expedientes pendentes con independencia do estado de tramitación en que se atopen.

CLÁUSULA TRANSITORIA.

Para a execución das tarefas contempladas no presente convenio, a entidade colaboradora deberá empregar as aplicacións, formatos e sistemas de comunicacións que para o efecto estableza a Dirección Xeral do Catastro, e acceder a través dos correspondentes programas e liñas de comunicacións, cuxa instalación e mantemento será por conta desta entidade colaboradora.

CLÁUSULA ADICIONAL.

Con carácter complementario ás obrigacións establecidas no presente convenio, a Deputación comprométese a entregarlle á Xerencia, para efectos estatísticos, os datos resultantes da xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles e os establecidos no artigo 69 do Real decreto 417/2006.

Por outra banda, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as partes deberán facer pública a relación dos convenios subscritos e encomendas de xestión, nos termos e condicións indicados pola Lei.

E en proba de conformidade, subscriben o presente convenio en exemplar duplicado no lugar e data anteriormente indicados.

O director xeral do Catastro

O presidente de Deputación
Provincial da Coruña.

Fernando de Aragón Amunárriz

....."

ANEXO I

RELACIÓN DE MUNICIPIOS INCLUÍDOS NO ÁMBITO DO CONVENIO

RELACIÓN DE MUNICIPIOS QUE DELEGARON AS SÚAS FUNCIÓNS DE XESTIÓN TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES A FAVOR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

CÓDIGO	CONCELLO
15001	ABEGONDO
15002	AMES
15003	ARANGA
15004	ARES
15005	ARTEIXO
15006	ARZÚA
15007	BAÑA, A

CÓDIGO	CONCELLO
15008	BERGONDO
15009	BETANZOS
15010	BOIMORTO
15012	BOQUEIXÓN
15013	BRIÓN
15014	CABANA DE BERGANTIÑOS
15015	CABANAS
15016	CAMARIÑAS
15017	CAMBRE
15018	CAPELA, A
15020	CARNOTA
15021	CARRAL
15022	CEDEIRA
15023	CEE
15024	CERCEDA
15025	CERDIDO
15027	COIRÓS
15028	CORCUBIÓN
15031	CULLEREDO
15032	CURTIS
15033	DODRO
15034	DUMBRÍA
15036	FENE
15038	FISTERRA
15039	FRADES
15040	IRIXOA
15041	LAXE

CÓDIGO	CONCELLO
15042	LARACHA, A
15043	LOUSAME
15044	MALPICA DE BERGANTIÑOS
15045	MAÑÓN
15046	MAZARICOS
15047	MELIDE
15048	MESÍA
15049	MIÑO
15050	MOECHE
15051	MONFERO
15053	MUXÍA
15054	MUROS
15055	NARÓN
15056	NEDA
15057	NEGREIRA
15060	ORDES
15061	OROSO
15062	ORTIGUEIRA
15063	OUTES
15065	PADERNE
15066	PADRÓN
15067	PINO, O
15069	PONTECESO
15070	PONTEDEUME
15072	PORTO DO SON
15074	RIBEIRA
15075	ROIS

CÓDIGO	CONCELLO
15076	SADA
15077	SAN SADURNIÑO
15078	SANTA COMBA
15080	SANTISO
15081	SOBRADO
15082	SOMOZAS, AS
15083	TEO
15084	TOQUES
15085	TORDOIA
15086	TOURO
15087	TRAZO
15088	VALDOVIÑO
15089	VAL DO DUBRA
15090	VEDRA
15091	VILASANTAR
15092	VILARMAIOR
15093	VIMIANZO
15094	ZAS
15095	CARIÑO
15096	OZA-CESURAS

RELACIÓN DE MUNICIPIOS INCLUIDOS NO ÁMBITO DO CONVENIO

CÓDIGO	CONCELLO
15001	ABEGONDO
15002	AMES
15003	ARANGA

CÓDIGO	CONCELLO
15004	ARES
15005	ARTEIXO
15006	ARZÚA
15007	BAÑA, A
15008	BERGONDO
15009	BETANZOS
15010	BOIMORTO
15012	BOQUEIXÓN
15013	BRIÓN
15014	CABANA DE BERGANTIÑOS
15015	CABANAS
15016	CAMARIÑAS
15017	CAMBRE
15018	CAPELA, A
15020	CARNOTA
15021	CARRAL
15022	CEDEIRA
15023	CEE
15024	CERCEDA
15025	CERDIDO
15027	COIRÓS
15028	CORCUBIÓN
15031	CULLEREDO
15032	CURTIS
15033	DODRO
15034	DUMBRÍA
15038	FISTERRA

CÓDIGO	CONCELLO
15039	FRADES
15040	IRIXOA
15041	LAXE
15042	LARACHA, A
15043	LOUSAME
15044	MALPICA DE BERGANTIÑOS
15045	MAÑÓN
15046	MAZARICOS
15047	MELIDE
15048	MESÍA
15049	MIÑO
15050	MOECHE
15053	MUXÍA
15054	MUROS
15055	NARÓN
15056	NEDA
15057	NEGREIRA
15060	ORDES
15061	OROSO
15062	ORTIGUEIRA
15063	OUTES
15065	PADERNE
15066	PADRÓN
15067	PINO, O
15069	PONTECESO
15070	PONTEDEUME
15072	PORTO DO SON

CÓDIGO	CONCELLO
15074	RIBEIRA
15075	ROIS
15076	SADA
15077	SAN SADURNIÑO
15078	SANTA COMBA
15081	SOBRADO
15082	SOMOZAS, AS
15083	TEO
15084	TOQUES
15085	TORDOIA
15086	TOURO
15087	TRAZO
15089	VAL DO DUBRA
15090	VEDRA
15091	VILASANTAR
15092	VILARMAIOR
15093	VIMIANZO
15094	ZAS
15095	CARIÑO
15096	OZA-CESURAS"

39.-APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA ACHEGA NOMINATIVA E FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN UNICEF-COMITÉ ESPAÑOL PARA PALIAR OS EFECTOS DO CICLÓN TROPICAL IDAI EN MOZAMBIQUE, ZIMBABUE E MALAWI EN MARZO DE 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, Servizo de Contratación e Secretaría Xeral, e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro, sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo con

UNICEF, para paliar os efectos do ciclón tropical Idai en Mozambique, Cimbabue e Malawi en marzo de 2019,

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior”, dado o seu carácter residual,

Propónse á Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior, a toma en consideración do seguinte acordo:

- 1) Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios que se atopan recollidos nos artigos 22,2 da Lei xeral de subvencións, e 65 e 67 do seu regulamento.
- 2) Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal do gasto, de conformidade co establecido no art.176 do texto refundido da Lei de facendas locais.
- 3) Aprobar a concesión dunha achega nominativa por importe de **10.000,00 €**, a favor de **“Fundación UNICEF-Comité Español (G84451087)”**, para paliar os efectos do ciclón tropical Idai en Mozambique, Cimbabue e Malawi en marzo de 2019, cun coeficiente de financiamento do **100 %**.
- 4) Imputar a achega provincial á partida 0520/23132/481, do vixente orzamento.
- 5) Aprobar o texto do convenio administrativo que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

“CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E UNICEF, PARA PALIAR OS EFECTOS DO CICLÓN TROPICAL IDAI EN MOZAMBIQUE, ZIMBABUE E MALAWI EN MARZO DE 2019

Na Coruña, o de de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, don Valentín González Formoso, en representación da Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,
Doutra parte, dona Myriam Garabito Cociña, con DNI 02895508S, como Presidenta do Comité Autonómico para Galicia de UNICEF,
Os comparecentes interveñen en uso das atribucións que, por razón dos seus cargos, estanlles conferidas, e

MANIFESTAN

O pasado mes de marzo asolou a costa sueste do continente africano o ciclón tropical IDAI, deixando abundantes choivas e inundacións en Mozambique, Zimbabue e Malawi, afectando a máis de dous millóns de persoas. O ciclón provocou choivas torrenciais e fortes ventos de ata 170 km/h, tocou terra o xoves día 14 de marzo pola noite no Porto de Beira, cuarta cidade máis importante de Mozambique, deixando sen electricidade e sen liñas de comunicación a máis de 500.000 persoas, continuando nos días posteriores cara a Malawi e Cimbabue, países nos que tamén deixou unha estela de destrución ao seu paso.

A Deputación da Coruña, sensible coas políticas de cooperación ao desenvolvemento, sempre amosou a súa disposición a colaborar a través da axuda humanitaria e de emerxencia, nas accións encamiñadas ao envío con carácter

urxente e non discriminado do material de socorro necesario, incluída a axuda alimentaria de emerxencia para protexer as vidas humanas e aliviar a situación das poboacións vítimas dunha catástrofe natural, como é o caso.

Esta axuda pódela levar a cabo as administracións públicas directamente ou por medio de organizacións non gobernamentais ou organismos internacionais, polo que inmediatamente despois de ter lugar o fatal desenlace, numerosas entidades, públicas e privadas, puxeron en marcha os seus sistemas de axuda humanitaria, algunhas delas con demostrada experiencia e implantación no citado país, como é o caso da organización internacional UNICEF, no que xestiona proxectos de desenvolvemento en diferentes áreas dende hai anos, sobre todo no que afecta á poboación infantil, e que neste momento están a preparar o envío de subministración e mobilizando a persoal especializado para reforzar unha resposta de emerxencia.

Polas citadas razóns, o Comité Autonómico para Galicia de UNICEF, nas súas funcións de colaboración coa súa respectiva organización nacional, en orde á recadación de fondos para o financiamento das súas actividades, diríxese á Deputación Provincial da Coruña para solicitar as axudas que sexan posibles e, se fora o caso, o seu ingreso na conta de emerxencia correspondente, habilitada e destinada ao financiamento da axuda de emerxencia que está a levar a cabo no terreo.

Tendo en conta o anterior, o Pleno Corporativo da Deputación da Coruña tramitou a concesión dunha achega para paliar os efectos do Ciclón tropical IDAI, sobre todo no que afecta á poboación infantil, a través da organización internacional UNICEF.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

Conceder unha achega á **Fundación UNICEF-Comité Español (G84451087)** para paliar os efectos do Ciclón tropical IDAI, que durante o pasado mes de marzo asolou a costa sueste do continente africano, deixando abundantes choivas e inundacións en Mozambique, Cimbabue e Malawi, afectando a máis de dous millóns de persoas, mediante o seu ingreso con carácter de anticipo de fondos na conta de emerxencia **ES87 2080 5355 6130 4003 9021**, habilitada por UNICEF, para o seu emprego no financiamento da subministración de auga e saneamento, nutrición, saúde, educación e protección, e, en xeral, bens consumibles, con destino a toda a poboación afectada, preferentemente a infantil.

II. ORZAMENTO DE GASTOS

A achega provincial, por un importe de 10.000 €, estará destinada ao financiamento de gastos relativos á subministración de auga e saneamento, nutrición, saúde, educación e protección, e, en xeral, bens consumibles con destino a toda a poboación afectada, preferentemente a infantil, sen que a priori poida determinarse a contía exacta de cada partida nin o cómputo global deste tipo de gastos.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTÉÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos previstos na cláusula segunda, cunha achega máxima de 10.000,00 €, que será ingresada na conta de emerxencias do proxecto xunto coas doutros posibles financiadores, para o seu emprego na finalidade indicada na cláusula segunda.

2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23131/481, na que a Intervención provincial certificou que existe

crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

3. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

4. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria con carácter de anticipo de fondos, mediante o seu ingreso na conta de emerxencia IBAN ES87 2080 5355 6130 4003 9021, despois de que a entidade beneficiaria presente un compromiso de destinar os fondos á finalidade para a que foron concedidos e de acreditar que está ao día nas obrigas tributarias e sociais indicadas na cláusula oitava.

2. Unha vez superada a situación de emerxencia, e en todo caso antes do 31.03.2020, o Comité Autonómico para Galicia de UNICEF presentará a seguinte documentación:

- Certificado asinado pola directora de Administración e Finanzas de UNICEF-Comité Español, sobre o destino dos fondos concedidos pola Deputación da Coruña.
- Documento xustificativo da transferencia de fondos (Remittance Advice) desde o Comité Español, con indicación expresa do donante, a cantidade e o proxecto ao que se destinan os fondos.
- Certificado de recepción de fondos (Official Receipt), emitido pola central de UNICEF en Nova York, onde se reflicte o tipo de cambio.

VII. TERMO PARA REALIZAR A ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de marzo de 2019 e o 31 de decembro de 2019.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes da finalización do prazo de vixencia indicado na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento destas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se *devenguen* desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados desde o día 1 de marzo de 2019, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do 2020.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 31 de marzo de 2020, poderá solicitar a prórroga do prazo inicial de xustificación cunha antelación dun mes a esta data, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2020. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada nesa data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do día _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Hai dúas mocións sobre o mesmo asunto, unha presentada polo Grupo Provincial Socialista e o BNG, e outra presentada polo Grupo Popular respecto á Vía Ártabra, imos proceder á ratificación da inclusión das dúas e despois tratámolas.

Vótase a ratificación das dúas mocións, que é aprobada por unanimidade.

I.MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS PSDG-PSOE E BNG-AA SOBRE A VÍA ÁRTABRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do pasado 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a primeira fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabegondo, cun orzamento superior a 29,6 millóns de euros.

A referencia do Consello sinala que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros. Actualmente a obra está na fase de expropiación.

Remata a nota do Consello indicando que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son lograr mellorar as comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráxicos de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débase lembrar que o dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, por iso define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión social e a liberalización das peaxes.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non pode circunscribirse á conexión da Vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe de ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a Terceira Ronda, sen custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e segue a ser unha necesidade, coa AP-9 é unicamente unha opción parcial e cautiva para todo o entorno metropolitano; iso si, incluso nos tres escenarios analizados polo Ministerio de Fomento a sociedade concesionaria "Autopistas del Atlántico" sería favorecida, co cal o primeiro paso a dar, como así o esixiu o Ministerio de Fomento fai anos, sería chegar a un reequilibrio económico da concesión que posibilitara a liberalización ou eliminación da peaxe no tramo metropolitano, como xa sucede en outras cidades como Vigo ou Santiago, feito que nunca se produciu por parte da Xunta de Galicia abocando a unha solución cautiva e proxectada con praias de peaxe.

Do mesmo xeito, unha axeitada planificación das alternativas á densidade de tránsito e desprazamentos entre a cidade da Coruña e a súa zona de influencia, debería aportar medidas que contemplaren solucións á inxusta peaxe que veñen soportando as comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra, que diariamente se desprazan á capital provincial a traballar, estudar ou facer xestións. Convén lembrar que a AG-55 foi construída con diñeiro público da Xunta de Galicia e anunciada como autovía libre de peaxe.

Non obstante, o Plan MOVE 2009-2015 aínda en execución eliminou da súa programación económica para a Vía Ártabra o treito AP-9 – A-6 de 5,4 km., cando ademais existía un estudo de trazado ata a A-6 que se podería ter desenvolvido como proxecto construtivo.

Polo anteriormente exposto, os grupos provinciais PSdG-PSOE e BNG-AA da Deputación da Coruña presentan a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1º) O Pleno da Deputación insta á Xunta de Galicia a adoptar todas as medidas técnicas, económicas e de planificación viaria que aseguren a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa A-6, para dar efectivo servizo a toda a área metropolitana da Coruña.

2º) O Pleno da Deputación insta ó Ministerio de Fomento a realizar as xestións pertinentes de cara a buscar a supresión das peaxes actuais na área metropolitana coruñesa e na AG-55.

II.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR SOBRE A VÍA ÁRTABRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Consello da Xunta do pasado 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a primeira fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabegondo, cun orzamento superior a 29,6 millóns de euros.

A referencia do Consello sinala que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros. Actualmente a obra está na fase de expropiación.

Remata a nota do Consello indicanto que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxetivos son lograr mellorar as comunicacións na área da Coruña a articular unha vía transversal para facilitar os tráxicos de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débese lembrar que dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestructuras de rede viaria, por iso define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión e social e a liberación das peaxes.

Unha visión ampla das infraestructuras viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non pode circunscribirse á conexión da Vía Ártabra coa AP-9 incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe de ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a Terceira Ronda, sen

custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 segue a ser unha necesidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Popular da Deputación da Coruña presenta seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. O pleno da Deputación insta ao Ministerio de Fomento a adoptar todas as medidas técnicas, económicas e de planificación viaria que aseguren a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa A-6 para dar efectivo o servizo a toda a área metropolitana da Coruña
2. O pleno da Deputación insta ao Ministerio de Fomento a realizar as negociacións pertinentes de cara a buscar un novo marco concesional que garanta a liberización das peaxes actuais na área metropolitana coruñesa, así como a completar a rede viaria da súa competencia prevista na planificación vixente.
3. O pleno da Deputación insta á Xunta de Galicia a continuar coas políticas de rebaixa e minoración do impacto económico das peaxes da súa competencia, na área Metropolitana Coruñesa.

Sr. Fernández Piñeiro

Vou ler a moción (le o texto da moción)

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Se teño que comezar eu, comezo eu, farei unha reflexión ao respecto da moción presentada polo Partido Socialista e polo BNG, que substitúe a unha moción trasladada na Xunta de voceiros unicamente polo Partido Socialista. A verdade é que despois destes dous días, desde o mércores ata hoxe, a verdade é que pensei que o Partido Socialista, e o BNG, o bigoberno da Deputación, faría un mellor traballo, posto que presentan vostedes un documento que podería ser asumido en moitos dos seus apartados, pero que inclúe algunha inexactitude, non dalgún xeito inocente.

En primeiro lugar, dicir que o Plan Move o que facía era vincular a prolongación da Vía Ártabra entre a AP-9 e a A6 ao desenvolvemento urbanístico do Concello de Cambre, era unha cuestión que podería ser digamos, cuestionada, ou criticada, pero foi unha decisión como consecuencia da complexidade de encaixar nunha contorna moi antropizada, con moita presión urbanística, un viario destas características.

E a segunda cuestión, que a verdade é que sorprende, é que vostedes pretenden que nos posicionemos ao respecto dun acordo que non respecta a titularidade competencial, posto que piden vostedes ao Ministerio de Fomento que realice as xestións pertinentes de cara a buscar a supresión das peaxes actuais na área metropolitana coruñesa e na AG-55, cando no propio texto recoñecen, e é así, que a AG-55 é competencia da Xunta de Galicia, polo tanto, a verdade é que creo que isto está mal redactado, non creo, está mal redactado.

Nós cremos que poderíamos falar moitísimo da Vía Ártabra, eu a verdade é que o digo con total humildade, tiven algunha responsabilidade, algún protagonismo en decisións tomadas ao redor da Vía Ártabra cando tiven a oportunidade de estar ao fronte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e incluso antes, cando tiven a honra de ser director xeral da Obras Públicas, e a verdade é que o lamentable desta historia é que esteamos no ano 2019 falando de rematar a Vía Ártabra, de conectar a Vía Ártabra coa AP-9 e de conectar a Vía Ártabra coa A6.

A verdade é que non deixa de ser frustrante, incluso, permítanme, e tamén o digo coa maior humildade, na miña condición de enxeñeiro de camiños, canles e portos, que non sexamos capaces de facer unha infraestrutura que creo que si que existe unanimidade respecto da súa necesidade.

Pero creo que dito iso, o que temos é que axustar as peticións ao marco competencial, e non tentar botar tinta de lura para confundir, e claramente ao formulamento feito por vostedes de instar á Xunta de Galicia a adoptar todas as medidas técnicas, económicas e de planificación, que aseguren unha conexión prioritaria da Vía Ártabra coa A6, para dar efectivo servizo a toda a área metropolitana da Coruña, está ben, pero é que a Xunta de Galicia é a administración que licitou un contrato para facer a primeira fase, incluso un contrato coa previsión dunha modificación para facer a segunda fase, que é a conexión efectiva coa AP-9, posto que o Ministerio de Fomento, aínda a data de hoxe, non autorizou a conexión da Vía Ártabra coa AP-9, sería o primeiro que teríamos que esixir e que solicitar, ao Ministerio de Fomento a que autorice a conexión da Vía Ártabra coa AP-9, esa sería a segunda fase, a Xunta de Galicia licitou as dúas. A primeira, que é a conexión da Vía Ártabra coa rede viaria propia da Xunta de Galicia, onde non necesita a autorización do Ministerio, e a segunda, nun modificado que está previsto no contrato licitado, e que significa un investimento nada desdeñable de 35 millóns de euros, para conectar coa rede autonómica, e tamén coa AP-9.

E logo despois, obviamente, poderíamos instar á Xunta de Galicia, nós non teríamos ningún inconveniente a instar á Xunta de Galicia a que faga as xestións oportunas para desenvolver, licitar, tramitar a continuación da Vía Ártabra para que poida ser unha vía que teña conexión ata a A-6, pero son tres fases, a Xunta de Galicia licitou a primeira, ten prevista a segunda, e unicamente resta a terceira.

A partir diso, tamén poderíamos estar de acordo en solicitarlle ao Ministerio de Fomento, que é o titular da AP-9 a traballar para a eliminación das peaxes na contorna metropolitana da cidade da Coruña, e estaríamos de acordo tamén en votar iso a favor, e tamén creo, e por iso incluimos esta cuestión na nosa moción, tamén instar ao Ministerio de Fomento a completar a rede viaria da súa competencia prevista na planificación vixente, posto que pasaron moitos anos, e aínda temos pendente o viario 18, aínda temos pendente o acceso a Alfonso Molina, a mellora de Alfonso Molina, e alí algo terán que dicir as Mareas de Podemos, que son as Mareas de Podemos, non imos denominar ás Mareas de Podemos dunha maneira diferente, que creo que non fixeron o que tiñan que facer durante estes catro anos para facilitar que o Ministerio puidera desenvolver esta actuación, e polo tanto, solicitaríamos ao Ministerio de Fomento que, por unha banda, analice e traballe para a eliminación das peaxes, e tamén para rematar a rede viaria da súa competencia. E por último tamén nós incluimos na nosa moción, instar á Xunta de Galicia a continuar coa política de rebaixas, minoración e, por que non dicilo, eliminación das peaxes da súa competencia, que é a AG-55 na contorna da área metropolitana da Coruña.

Por iso nós cremos que a nosa moción respecta moitísimo mellor ao marco competencial, é máis realista, axústase ao que cremos é unha demanda unánime da área metropolitana, non soamente da cidade da Coruña e de Oleiros e, polo tanto, nós consideramos que o razoable é votar favorablemente a nosa moción e, por que non dicilo, retirar a súa porque, insisto, ten un erro clamoroso ao respecto de a quen hai que esixirle a retirada da peaxe ou a minoración do impacto das peaxes na autoestrada Coruña-Carballo. Moitas grazas e máis nada.

Sr. García Seoane

Cando me enterei desta moción realmente asombreime porque esta moción é un tema electoral dunha xente concreta, non dun pobo, senón dunhas persoas concretas que gobernan un pobo, e que están xogando con este tema como se xogou durante un montón de anos.

Aquí falouse do Plan do 2004, no Plan 2004 apróbase, por certo na Xunta naquel entón, que estaba creo que Agustín de director xeral, pero viña desde o ano 1998 en Mariñán onde Deputación, por certo, que era a que presidía aqueles actos, onde estabamos os alcaldes afectados en toda a comarca e onde estaban a Universidade, onde estaban os sindicatos, etc. Fixeramos unha fronte ampla para que esta comarca da Coruña tivera as infraestruturas que se lle negaron e se lle seguen denegando durante anos e anos.

Aquel plan era un plan bo, cada concello preveu se estaba co posible planeamento dalgún, Culleredo, Cambre, Arteixo, etc., estábase co planeamento destes municipios, que nunca aprobaron, por certo, que nunca aprobaron con maiorías absolutas total, que é o que é necesario para aprobar un plan, e non se aprobou en ningún momento ese planeamento, e si tiñamos aprobado, porque nos plans había que poñer o vial por onde pasaba, claro, o poñer nun vial por onde pasaba nun plano do Concello xurdían os problemas, afectado fulanito, afectado menganito e afectado citranito, pero claro é que se imos a esas políticas nunca habería ningunha estrada, nunca habería ningún colexio, nunca habería un hospital, nunca habería ningunha instalación pública porque para facer instalacións públicas hai que ter terreo para facelas e, polo tanto, esas políticas caciquís, vergoñentas, aplicáronse nalgúns concellos da comarca, en concreto en dous, en dous e vou explicalo.

En Sada, que se quedou sen as conexións, só quedaron as entradas, e non se puido levar, como prevía naquel momento o proxecto, ata a cidade de Sada, un enlace, non se puido levar adiante porque o alcalde naquel entón tiña moitos intereses a cabalo de Oleiros, tiña unha morea de leiras, que aínda segue tendo, polo tanto non estou dicindo nada que non se poida constatar, e había unha morea de leiras con intereses tremendos que se lle hipotecaban. Entón, naquela reunión, por certo, en Santiago, dixo "eu, opóñoome rotundamente", díxollo ao que hoxe é presidente da Xunta, que era o conselleiro, "eu opóñoome rotundamente". Por certo, aquel día o presidente da Xunta, o actual, cando era conselleiro, tivo a dignidade tremenda de ir en contra incluso dun alcalde destacado como era naquel entón o señor alcalde de Sada, e dixo "Pois Moncho, contigo ou sen ti, vaise facer". E logo había outra corporación, que non a corporación, non o alcalde, non, como algúns lle chaman, cacique, senón os caciques que estaban á sombra do alcalde, e que tiñan intereses tamén de leiras, puxéronlle a traba, polo tanto na Corporación de Cambre non podía aprobar tamén pasar o treito ata A Rocha porque se lle opoñían parte dos

concelleiros e polo tanto non había maioría na Corporación. E esa é a historia real, con nomes e apelidos que se poden dar en calquera momento. Intereses persoais, aquel que lle pasaba cerca da casa, o outro que fixo unha casa simulando que era agricultor para unha explotación agraria, no solo rústico, e que hoxe é un dos principais artífices da guerra contra a Vía Ártabra, porque segue quedando próximo da Vía Ártabra, e non sexa que cando fagan o no chegue o barro ata a miña leira.

Isto é o que está detrás de toda esta miseria política que temos neste país, e que hai que cambiar, que hai que mudar.

O Plan sectorial apróbbase, e apróbbase e eu pregunto, agás esta obra que abordou a Xunta de Galicia co goberno do PP, e co goberno bipartito, en dúas fases, que máis se fixo? onde está o vial 18? onde está Alfonso Molina?, onde está a Ponte Pasaxe?, onde está Sol y Mar?, onde están as melloras na nacional sexta?, nada de nada, desde 2004 a hoxe, quince anos, quince anos de miseria, de miseria política, de políticos que van á política a figurar e a pasalo ben durante o tempo que están e se esquecen totalmente do compromiso que tomaron cos cidadáns no seu momento.

Isto foi un acordo importantísimo naquel entón, porque estabamos de acordo, á marxe destas dúas anécdotas que citei, estabamos de acordo concellos do PP, concellos do PSOE, concellos do Bloque, estabamos todos de acordo, todos, sindicatos, todo o mundo, e non se levou adiante. E agora que se vai levar adiante, despois de esperar desde o ano 2009 a que se volvera a contratar unha obra para seguir esta obra, que si ten que ir ata A Rocha, porque é como estaba previsto, o único que había era un cambio de empalme. E, por certo, un socialista, un mal chamado socialista, porque o socialismo é outra cousa, un mal chamado socialista de Oleiros naquel momento, que estaba de secretario xeral na Consellería de ordenación do territorio, ese señor fixo a dedo os cambios. Este cambio que hoxe está para tramitarse e que está para facerse a obra, fíxoo a dedo, acórdome que ía "por aquí, ten que ir por aquí", mirando sempre os intereses daqueles que non lle afectaban aos seus compañeiros, porque o empalme primeiro ía en catro camiños, e non había problema ningún no Partido Socialista naquel momento ata A Rocha. Cámbiase porque ese señor foi quen a dedo lle dixo aos enxeñeiros que cambiaran o proxecto, vén o Partido Popular, despois do bipartito e colle e leva adiante a obra, decide levar adiante a obra co Plan Move, unha parte desa obra.

Porque é imprescindible, porque A Coruña necesita infraestruturas, porque non podemos seguir con estas miserias que hai na política deste país, non se pode seguir con estas miserias, que nada máis que nos acordamos de ver aos veciños cando chega este momento, e de dicir como aquí antes, bla, bla, bla, bla, eu xa ía intervir para dicir bla, bla, bla, bla, porque non se di outra cousa, xa o oímos cincuenta veces nesta sala, e os que estamos aquí non necesitamos que nos recorden esas cousas, porque xa o sabemos.

Polo tanto, esta obra é imprescindible, e esta obra imprescindible, e que está pasando con ela?, vai a Xunta de Galicia e acorda facer o treito para conectar coa autoestrada do Atlántico e resulta que cando a Xunta toma esta decisión de conectar coa autoestrada do Atlántico, volve nacer un movemento social do municipio de Cambre, con xente que non está afectada, que non está afectada algunha das que están na directiva, para nada, pero claro, ao servizo de quen?, pois xa pregunten por aí e xa saberán de quen. Claro, campaña electoral, polo tanto, non fagan tanta campaña electoral cun problema tan grave como é o non ter accesos nesta comarca da importancia da Vía Ártabra, e non pode chegar á Rocha senón chega antes á

autoestrada. Polo tanto, agora había trinta e cinco millóns e para chegar á Rocha farán falta setenta, e haberá que buscalos, e haberá que esixirille a quen governe que o ten que levar adiante, porque é imprescindible, iso era un cinto a toda a comarca para ligar os polígonos industriais, para ligar os pobos, para dar progreso polos lugares que pasara. Cambre, por exemplo, o interior de Cambre, un anaquiño que está contra Oleiros está colapsado ata dicir basta, e aínda o queren colapsar máis, e o resto está a monte, non se aproban plans de urbanismo para que se poidan desenvolver esas localidades, para que haxa plans parciais, para que haxa zonas industriais, pero non a dedo, modificando normas subsidiarias que son ilegais para modificar unha zona verde dentro dun concello, que están obsoletas pola Lei 2 de 2016 da Xunta de Galicia. Isto é o que se está facendo nalgún concello moi próximo aquí á Deputación.

Polo tanto, paréceme ben que lle boten unha man politicamente aos seus, pero non se pasen, ten que prevalecer para os políticos serios, eu creo que o PSOE, eu creo que algúns do PSOE son serios, ten que prevalecer ante todo o interese xeral e non o particular de catro que están nunha Corporación a velas vir e ao que lle caia. Esa é a realidade que hai que defender.

Polo tanto, Vía Ártabra ata a A-6 a morte, e agora que se faga o que se ten que facer. E, por certo, eu vou aprobar a moción que poña o seguinte: "Instar ao Goberno de Madrid a que se informe a conexión coa AP-9 solicitada pola Xunta de Galicia e se poida executar a obra da segunda fase AC-221 coa AP-9 na Gándara". Polo tanto, este é o meu criterio que vou manter, á marxe, xa digo, do interese político que ten esta moción, que non é outro máis ca un interese de votos, de enganar á xente, non se está a defender os veciños, estase a defender a determinadas persoas ligadas a políticos de determinado signo político.

Sr. Requeira Varela

Evidentemente, é certo o que dicía o portavoz do Partido Popular, que o BNG uniuse a esta moción conxuntamente co PSOE porque partimos de algo que acaba de expoñer agora mesmo o voceiro de Alternativa dos Veciños, que o deseño do plan de infraestruturas está claro e nós cremos que é urxente acabalo, que a planificación é realmente algo que debemos ter presente todas as corporacións, e consideramos que é fundamental planificar as vías de acceso seguramente á cidade e ao cinto urbano máis importante da provincia, sen dúbida, e eu creo que é un dos cintos máis importantes de Galicia.

Polo tanto, nada que obxectar sobre a urxencia e sobre a necesidade desa conexión entre a Vía Ártabra e a AP-9, e que dea conexión tamén aos polígonos industriais da área metropolitana. Pero tamén quixemos facer unha reflexión ao respecto, para nós e para a xente que vivimos nas comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra, e que habitualmente, diariamente, nos achegamos a traballar á área metropolitana da Coruña, non só a traballar, senón que estudamos no campus universitario desta cidade, non poucas veces vimos aos hospitais desta cidade, e moitas veces temos que vir facer xestións administrativas ás diferentes administracións que teñen aquí pendente, todo ese amplo territorio desta provincia vén sufrindo unha peaxe que para nós é unha peaxe claramente inxusta, dunha autoestrada que antes foi autovía, que se financiou exclusivamente con diñeiro de todas as galegas e os galegos, e que ademais unha comisión do Parlamento de Galicia declarou libre de peaxe no seu momento. Entón, cremos que na planificación

da densidade e do tráfico da área metropolitana da Coruña evidentemente hai que ter en conta tamén esa outra infraestrutura viaria.

Polo tanto, eu estou de acordo con Gelo, que os políticos responsables temos que ser responsables ao longo de toda a nosa vida, e que cando hai unha planificación aprobada, sexa quen sexa o goberno que suceda ao anterior, tena que executar, e o BNG o que pretende é que o que se di aquí finalmente se execute, e que se ten que traballar, sobre todo, na supresión das peaxes, sexa de quen sexa a competencia da vía.

Polo tanto, xa digo, nós defendemos a moción que se presenta aquí, e o que realmente importa aquí, eu creo que hai un acordo bastante amplo para chegar a un acordo unánime e que se camiñe para a supresión desas peaxes, e que o que se propón nas dúas mocións se faga efectivo no menor tempo posible.

Sr. Díaz Grandío

Bo día, creo que é bo ir ao concreto, non perderse en cuestións que están de moda nestas semanas coas citas electorais que temos por diante.

Eu creo que as dúas mocións corresponden e coinciden en dúas cuestións nas que podemos chegar, e creo que podemos chegar a acordos todos os que estamos hoxe sentados aquí neste Pleno da Deputación, a primeira é a liberalización das peaxes, entendo que aí, e sen que sirva de precedente, estou de acordo co Sr. Agustín Hernández en que sería bo poder corrixir, e repetireino ao final desta intervención, esa cuestión ao respecto da AG-55 e da titularidade da Xunta de Galicia e, desde logo, estamos de acordo tamén en que no primeiro punto que advirten estas dúas mocións, que é executar esta conexión da Vía Ártabra no seu último treito entre a AP-9 e a A6. A única diferenza que hai entre as dúas mocións que se presentaron, tanto na do PSOE e Bloque Nacionalista Galego que se presentou o pasado mércores, como na do Partido Popular que se presentou nesta xornada de hoxe, e quen leva ou que administración diseña e sufraga esta conexión. E aquí, Sr. Hernández, eu creo que vale moito ser leais entre administracións, e desde logo, só pode pasar cando alguén non corta a unha administración independentemente da súa cor política. As Mareas de Podemos neste caso estamos orgullosos destes catro anos que pasamos gobernando unha cidade no caso concreto da Coruña e, desde logo, atopámonos con moita xente, persoas que asumen o seu rol de responsable público e tamén teño que recoñecer que nos atopamos con persoas que asumen o seu rol de comisario político ao fronte das administracións, o cal é unha situación desagradable e lamentable, eu creo que redundando soamente na imaxe e no exemplo, ou na cultura política que pode trascender de cuestións coma estas.

E desde logo, reiterando que estamos de acordo co fondo dos dous textos de mocións, o que non quería deixar de dicir é desde logo permanentemente o que sucede cando se fala de infraestruturas, e sobre todo de infraestruturas do transporte, e que caemos permanentemente no círculo das infraestruturas viarias, un pozo do que agroma unicamente a cultura e a pervivencia do automóbil como medio de locomoción esencial nas nosas áreas metropolitanas, centos de millóns de euros que van para infraestruturas para o coche, pero mentres, señoras deputadas e deputados da provincia da Coruña, a nosa comunidade segue sendo a única do norte do Estado, a única Comunidade da cornixa cantábrica, que carece de núcleos de proximidades, e temos unha vía de ferrocarril que circula polos concellos da área metropolitana máis poboados e con máis necesidade de mobilidade.

E, desde logo, teño que dicir tamén Sr. Hernández, que a súa sucesora no cargo, a Sra. conselleira Ethel Vázquez vai ser recordada como a conselleira de infausta lembranza para a nosa área metropolitana. Desde logo, negarse a recibir e falar de xeito leal entre administracións co máximo representante da cidade, e que tamén concordou co acordo de todos os concellos da área metropolitana, na necesidade de unificar a xestión das redes urbanas e metropolitanas de transporte público, porque iso redundará tamén no aforro en investimentos ou necesidades para ampliar estas infraestruturas viarias coas que sempre estamos permanentemente debatendo.

E, desde logo, non imos alimentar a dous días das eleccións este xogo político para poder dar, entendo que ese titular sinxelo a dous días das eleccións para o Estado, pero desde logo si, e indo ao concreto, si que nos gustaría poder facer emendas para poder facilitar ese voto, esa aprobación, que incluso creo que pode chegar ás dúas mocións. No punto un das dúas emendas, entendo que son exactamente os mesmos puntos, cada un tira da administración contraria para conseguir e sufragar, pero creo que entendín das súas palabras, Sr. Hernández, que incluso estaría a favor de que a Xunta asumise esa construción, desde logo nós advertiríamos de que nese punto un se constituíse unha mesa de traballo coa Xunta de Galicia e Fomento para coordinar as actuacións dos plans estratéxicos de infraestruturas, de ambos os dous que teñen, e desde logo no punto dous, si que, da moción do Partido Socialista, ao engadir, a facer esa inclusión da AG-55, estou de acordo co Sr. Hernández en que debería recollese que tanto Fomento como a Xunta de Galicia traballen na supresión das peaxes, tanto da AP-9, competencia do Ministerio de Fomento, como na da AG-55 da propia Xunta de Galicia.

Sr. Fernández Piñeiro

Efectivamente, hai unha errata, non que estea mal redactado, é un errata, porque tiña que poñer "O Pleno da Deputación insta ao Ministerio de Fomento a realizar as xestións pertinentes de cara a buscar a supresión das peaxes actuais na área metropolitana coruñesa e á Xunta de Galicia na AG-55", é unha errata, que quere que lle diga, non son perfecto como os do Partido Popular, teño ese defecto.

En todo caso, a diferenza entre a moción presentada polo bigoberno da Deputación provincial e a moción presentada polo aspirante a trigoberno do Partido Popular con Vox e Ciudadanos, é pequena. Dicía antes o Sr. Hernández noutro punto que falamos, que eles non actuaban como unha franquía da Xunta de Galicia, pois parece máis ben o contrario, Sr. Hernández. En todo caso, a pregunta que lle fago a vostede é, a Vía Ártabra de quen é competencia?, da Xunta de Galicia. Polo tanto, o punto número un o que fai é "O Pleno da Deputación insta á Xunta de Galicia a dotar as medidas técnicas, económicas e de planificación viaria", nada máis. Se cree que temos que engadir nese punto á Xunta de Galicia e o Ministerio, facémolo, pero é que a Vía Ártabra quen a fai é a Xunta de Galicia, entendo eu. E o segundo punto, "O Pleno da Deputación insta ao Ministerio....", iso xa está corrixido.

Sobre a exposición de motivos, a súa está fusilada da nosa, polo tanto, penso que pouca discusión temos a ese respecto e, polo tanto, non lle vexo maior complicación a pesar das intervencións que escoitamos, dá a impresión de que todos estamos máis ou menos de acordo, hai unha pequena cuestión que pulir aí, que é que vostede non quere que se nomee á Xunta de Galicia, pero quitando iso, penso que estamos todos de acordo.

Sobre o tema da campaña electoral, a verdade é que desde o tempo que levo en política sempre me revelo contra iso de que, como hai eleccións, todo o que se presenta é electoralista, entón teremos que deixar de traballar, entón os que estamos aquí sentados é mellor que nos levantemos e marchemos do Pleno, porque eu penso que todos os que estamos aquí temos un compromiso adquirido ata o día 26 de maio, e, polo tanto, todo o que se faga, é xestión do goberno. Porque procesos electorais, agora coincidiron varios xuntos, pero habitualmente hai un cada ano, entón, que pasa? cada ano, a un mes, dous, dun proceso electoral, non facemos absolutamente nada, ou temos que presentar todas as mocións que teñan que ver con toda a provincia e todas aquelas cuestións que afectan aos veciños da provincia no primeiro mes da lexislatura para que ninguén se poida confundir e sexa un tema electoralista. Ao final iso é falar das follas e non do tronco da árbore. A cuestión é, estamos todos de acordo en que haxa unha conexión da Vía Ártabra coa A6 para facer unha vía de circunvalación da área metropolitana da Coruña, si ou non, é iso. Todo o demais, sinceramente, penso que sobra, porque se estamos de acordo, dá igual cando se manifesta este acordo, dá igual que sexa a un mes das eleccións, a un ano ou a dous, porque á parte, se a aprobamos, vai saír aprobado por todos os membros desta Corporación, e polo tanto, cada un de nós, na súa respectiva parcela poderá, se queremos velo así, tirando un pouco do argumento que escoitei por aí adiante, que eu non comparto, pero poderá tirar da venda deste apoio á moción cos seus respectivos posibles votantes, pero penso que iso non é do que estamos a falar, nin debe ser unha cuestión que nos impida ver un pouco máis alá, e é ver se isto é necesario ou non é necesario, incluíndo tamén o que comentabamos antes da supresión da peaxe na AG-55, que son as dúas cuestións que van incluídas nesta moción.

Polo tanto, Sr. Hernández, eu non vexo, sinceramente, grandes impedimentos para que esta moción poida ser aprobada por unanimidade. É dicir, se quere vostede que se inclúa ao Ministerio de Fomento nese primeiro punto non hai inconveniente, pero digo eu que a Xunta de Galicia terá que estar, porque digo eu que a Xunta de Galicia terá algunha cuestión que ver coas medidas técnicas, económicas e de planificación tamén desa conexión da Vía Ártabra coa A6, non é só unha cuestión do Ministerio porque están afectadas varias administracións e, polo tanto, é normal que esas administracións estean incluídas nestes puntos de acordo da moción. Nada máis.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Teño unha proposta, fago unha reflexión. Creo que deberíamos, e fago unha autocrítica tamén, darlle a importancia e seriedade a este foro que o é, e vostedes presentaron unha moción na Xunta de voceiros do mércores, hoxe modificaron lixeiramente esa moción, asinando a moción conxuntamente co BNG, e nós presentamos unha moción alternativa despois de analizar a súa moción primeira do mércores, de reflexionar ao respecto de se faciamos unha emenda ou propoñiamos unha moción alternativa. Agora temos falado de moitos aspectos que creo que poderían ser substanciais, pero creo que é conveniente non improvisar. Polo tanto, eu fago a seguinte proposta: que deixemos as dúas mocións enriba da mesa, que non votemos ningunha das dúas, e eu non teño ningún inconveniente a partir do luns de ter unha xuntanza para pechar unha declaración institucional ao respecto desta cuestión. Levamos máis de vinte anos agardando por unha infraestrutura que creo que todos os que estamos aquí presentes temos claro que é necesaria. Parece ser, creo que niso tamén estou de acordo, que temos bastantes puntos de coincidencia, pero a min gustaríame que o tema quedara meridianamente claro e non, digamos,

dalgún xeito improvisado, sobre a marcha nun Pleno como estamos a falar. Polo tanto, esa é a miña proposta.

Sr. Fernández Piñeiro

Pola nosa banda, non habería inconveniente, só aclarar unha cuestión. Entregouse o mércores aos voceiros dos Grupos, excepto Alternativa dos Veciños, que non puido asistir por outras cuestións, unha copia da moción, e insistín a todos os voceiros dos Grupos en que estabamos abertos a calquera tipo de achega para esta moción, e ningún Grupo realizou ningunha achega a esta moción. Vostedes presentan hoxe outra, pero desde o mércores ata hoxe, a pesar de que se lles dixo que se querían facer achegas que estabamos abertos, que nolas fixeran chegar, que o estudariamos, porque a cuestión era sacar isto por unanimidade, e incluso deixei moi claro que a moción non ía ser só do PSOE, é dicir, se o resto dos Grupos facían achegas sería unha moción conxunta ou declaración institucional. Desde o mércores ata o día de hoxe, non tivemos ningunha resposta. Dito isto, benvido sexa o Sr. Hernández, a ver se agora, se entre o mércores e hoxe non foi posible, pois agora ofrece vostede o que nós ofrecemos o mércores, non hai inconveniente, para que quede claro que o que nos interesa é sacar isto por unanimidade. Entón, deixámolo sobre a mesa, e facemos todos as achegas que non fixemos desde o mércores.

Sr. Requeira Varela

Nós como forza asinante na moción presentada co Partido Socialista, a min gustaríame saber unha cousa, evidentemente se todos os Grupos estamos de acordo en abrir unha mesa para chegar a un consenso a favor. Agora ben, o BNG introduciu algo máis nesa moción, non só a Vía Ártabra, e quérolles dicir, porque gustaríame tamén que se reflexionara sobre este tema, que a día de hoxe, en pleno século XXI, as áreas metropolitanas deberíanse analizar en tempo e non en quilómetros de desprazamento. Eu recórdolles que para miña comarca, principalmente, pero tamén para as comarcas que quedan máis alá, chegar á Coruña é relativamente rápido, vinte e tantos minutos, trinta minutos, corenta minutos, polo tanto en calquera cidade grande do Estado español seríamos claramente área metropolitana, e estamos sufrindo desde hai moitísimos anos unha peaxe que se nos impuxo con nocturnidade e aleivosía, en véspera da celebración de fin de ano, e que para nós é tan importante como a planificación de infraestruturas da área metropolitana. E cando unha administración, como é a administración provincial, decide tomar este debate en serio, e eu creo que a proposta que fai o portavoz, ou eu a entendo así, do Partido Popular, é unha proposta seria, e imos falar, imos falar de todas, porque eu cada vez que veño a un Pleno pago tres peaxes, de ida e de volta, e recórdolles que veño dun territorio que ten os mesmos datos demográficos e económicos que a Galicia interior, que temos unha das economías máis baixas e máis precarias de Galicia e do Estado e que, polo tanto, para nós as peaxes son dobremente peaxes. Polo tanto a min gustaríame, porque a intervención do Sr. Hernández non mo deixou claro, se a coincidencia tamén está na AG-55 ou só está na peaxe de Arteixo, porque o Partido Popular cando fala da área metropolitana e da peaxe da AG-55 fala da peaxe de Arteixo, e a da Laracha?, e a de Carballo?, tamén entrarían?, porque se ese é o marco do acordo, evidentemente, nós estaríamos moi satisfeitos de que se retomara canto antes este debate, e se chegara a un consenso, pero para nós tamén é importante o resto da provincia, e no meu caso, e hai máis deputados do meu territorio, esta é unha preocupación de hai moitos anos, e tamén cónstame que o alcalde de Arteixo, que está para ese lado, tamén a tivo no seu momento, e polo tanto

considero que debe de entrar na cota do acordo que debe de saír desa mesa para chegar a un consenso.

Sr. Presidente

Entón estamos todos de acordo en deixar as dúas mocións enriba da mesa e intentar chegar a un acordo para pronunciar unha declaración institucional no próximo Pleno ordinario. Moitas grazas.

A moción dos Grupos provinciais PSdG-PSOE e BNG_AA sobre a Vía Ártabra déixase sobre a mesa por asentimento dos presentes.

A moción do Grupos provincial Popular sobre a Vía Ártabra déixase sobre a mesa por asentimento dos presentes.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e trinta e catro minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, a secretario accidental, dou fe.